



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 25 DE ABRIL DO ANO 2018.

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)
- Manuel Emilio Pérez Outeiral. (grupo m. P.P.)
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (grupo m. P.P.)

- Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)
- Luís Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)
- Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG)
- Elvira Blanco Pérez. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- José Manuel Cardalda Novo (grupo m. C,s)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR)

- Asier Casais Alvarez (Concelleiro non adscrito).

- María José Brión Diaz (Concelleira non adscrita).

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita). (Auséntase no punto 6).

Asiste o interventor do concello: Pablo Bao Castro.

Asiste o secretario xeral do concello: Juan Manuel Salguero del Valle.



No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do mércores 25 de abril de 2018** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde o 20-04-2018) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO 26 DE MARZO DE 2018.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2018.**

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2018.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS A “DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE RIVEIRA”.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salgueiro del Valle

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 13 de abril de 2018, “asunto: Aprobación da Ordenanza Reguladora das subvencións a Deportistas individuais do Concello de Riveira.”, que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía, “Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das subvencións a Deportistas individuais do Concello de Riveira”, de data 13 de abril de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 19 de abril de 2018, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Elvira Blanco Pérez (grupo m. BNG) dí: no informe de Intervención hai unha errata, na terceira páxina, no segundo parágrafo, cando pon para regular as subvencións a entidades sen ánimo de lucro, tiña que poñer para regular as subvencións a deportistas individuais no Concello de Riveira.

Meténdonos en materia, nós, evidentemente, estamos a favor de regular as subvencións, pero hai un apartado que nos suscita dúbidas, que é no punto 2. Requisitos dos beneficiarios. Cando pon entre paréntesis: (aínda que atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas practicantes de deportes non olímpicos). A dúbida que temos é que condicións van a determinar a especial importancia dun feito deportivo e quen vai a determinar que eso é así.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que eso ven pensado sobre todo naqueles deportistas que en deportes, que non sexan olímpicos, pois, acaden resultados de especial relevancia, é dicir, campeonatos de Europa, campeonatos do Mundo; eso evidentemente o valora o mesmo que valora o resto dos criterios. Entendo que simplemente para facilitar a posibilidade de que estas becas que están pensadas en posibilitar que os deportistas que teñen posibilidades de ir a unhas olimpiadas, pois, teñan unha axuda extra, pois, que tamén en casos de especial relevancia, como digo trascendencias neste tipo de deportes no que tamén van a campeonatos do Mundo, teñen un alto índice de deportistas, incluso moitas veces mais deportistas federados que deportes olímpicos, pois, a eso é ao que se refire esta posibilidade.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o grupo Socialista estamos a favor de aprobar estas bases xenéricas que regulan as subvencións para os deportistas individuais do Concello de Riveira. Xa que estamos có obxectivo de apoiar e fomentar a práctica, e o rendemento deportivo, desexaríamos que dende a concellería de deportes se estudiasse a creación da escola municipal de deportes, para universalizar a práctica do deporte entre todos os veciños



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

e veciñas do Concello.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro de data 13 de abril de 2018, “asunto: Aprobación da Ordenanza Reguladora das subvencións a Deportistas individuais do Concello de Riveira.”; vista a Proposta da Alcaldía, “Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das subvencións a Deportistas individuais do Concello de Riveira”, de data 13 de abril de 2018; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas de 19 de abril de 2018, por unanimidade dos seus membros; acorda:

Cada ano, o Concello de Riveira convoca as subvencións para os deportistas individuais do Concello que destacaran no ano anterior.

Ata o momento, cada ano aprobábanse unhas bases xerías.

Considérase máis adecuado por esta Alcaldía, é máis acorde co disposto na Lei Xeral de Subvencións, aprobar polo Pleno unha ordenanza reguladora das subvencións a deportistas individuais do Concello de Riveira.

Unha vez aprobada esta, cada ano aprobarase a correspondente convocatoria pola Xunta de Goberno Local, publicándose na Base de Datos Nacional de Subvencións e un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

O día 13 de abril de 2018 o interventor municipal informa favorablemente o proxecto de ordenanza.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora das subvencións a deportistas individuais do Concello de Riveira.

**ORDEANZA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A
DEPORTISTAS DO CONCELLO DE RIVEIRA**

1.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

A presente subvención ten como obxecto a concesión de bolsas a deportistas riveirenses non profesionais, que pertencen ou non a entidades deportivas do Concello, e que destacaran na súa faceta competitiva durante o ano fixado na convocatoria, co obxectivo de apoiar e fomentar a práctica e o rendemento deportivo.

Establécense dúas liñas de subvención:

- ✓ Beca a) destinada a deportistas de alto rendemento, de disciplinas olímpicas ou paraolímpicas, integrantes dos equipos das seleccións nacionais absolutas, con opción de clasificarse para participar na seguinte olimpíada, destinarase a cantidade fixada na convocatoria, cunha contía máxima de cada bolsa establecida na convocatoria.
- ✓ Beca b) para outros deportistas que destacaran na súa faceta competitiva no ano a valorar, destinarase a cantidade fixada na convocatoria, cunha contía máxima de cada bolsa establecida na convocatoria

Ambas liñas son incompatibles entre si, de xeito que os solicitantes deberán optar na súa solicitude por unha ou outra modalidade.

2.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Poderán solicitar bolsas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Ter condición de deportista na práctica dalgún deporte olímpico (aínda que atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas practicantes de deportes non olímpicos).
- ✓ Ter nacido no Concello de Riveira e/ou estar empadroado no Concello de Riveira, cunha antigüidade mínima de tres anos dende a data da publicación do extracto da convocatoria no boletín oficial da provincia.
- ✓ Ter licenza federativa en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedida pola Federación Deportiva correspondente.
- ✓ Estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello de Riveira, así como das obrigas coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

3.- PROCEDEMENTO.

As solicitudes dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde, no modelo que figura como anexo, e presentaranse no Rexistro xeral do Concello, presencial ou telematicamente, durante un prazo de 15 días, que comezará a computarse a partir do seguinte á publicación do correspondente extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Os posibles defectos na solicitude seranlles notificados aos interesados, e daráselles un prazo de 10 días para emendar erros ou omisións. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a emenda requirida, as peticións serán arquivadas sen máis trámites.

Xunto coa solicitude de subvención para calquera dos dous programas presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- Currículo deportivo, expedido polo Clube ou Federación correspondente, referido ao ano a valorar, e anteriores no suposto de ter sido medallista galego, nacional ou internacional, para ser valorado no apartado palmarés.
- Certificado de empadramento.
- Fotocopia compulsada da licenza federativa correspondente ao ano a valorar na convocatoria.
- Fotocopia compulsada da licenza, ou certificado de ter licenza en vigor no momento de realizar a solicitude de beca, expedido pola Federación correspondente.
- Certificación bancaria orixinal da conta corrente na que desexen que se lles ingrese o importe da achega, no caso de que se conceda.
- Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de Riveira, así como das obrigas tributarias coa Seguridade Social.
- Declaración de outras subvencións percibidas no seu caso.

As solicitudes referentes as becas a) deberán acompañar, ademais, certificado da federación correspondente, de ter participado en competicións coa selección nacional absoluta durante o ano a valorar.

4.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

A avaliación das solicitudes para os dous programas realizarase pola Concellería de Deportes atendendo aos seguintes criterios:

1. PALMARÉS: Valórase unicamente o mellor resultado acadado ,na anualidade a valorar, polo deportista atendendo ao seguinte baremo:

Ámbito rexional (campionatos oficiais):



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Clasificad@s 3º posto: 3 puntos

Clasificad@s 2º posto: 4 puntos

Clasificad@s 1º posto: 5 puntos

Categoría nacional (campionatos oficiais):

Clasificad@s do 4º o 12º posto: 4 puntos

Clasificad@s 3º posto: 6 puntos

Clasificad@s 2º posto: 7 puntos

Clasificad@s 1º posto: 8 puntos

Categoría internacional (campionatos oficiais):

Clasificad@s do 4º o 12º posto: 15 puntos

Clasificad@s 3º posto: 20 puntos

Clasificad@s 2º posto: 25 puntos

Clasificad@s 1º posto: 30 puntos

Só serán puntuables os resultados obtidos de forma individual nos campionatos individuais da súa disciplina.

Os campionatos oficiais referidos anteriormente serán o galego, nacional, europeo e mundial da disciplina, así como xogos olímpicos e xogos do mediterráneo. Outros campionatos oficiais que se presenten poderán ser puntuados ou non a xuízo do comité avaliador.

2. **CONTINUIDADE:** Valoración en función dos anos de práctica dos deportistas, éxitos pasados e mantemento do deportista na alta competición nos seus respectivos deportes e categorías:

- Por acadar mínimo un tercer posto en campionato galego durante tres ou máis anos: 3 puntos
- Por acadar mínimo un tercer posto en campionato galego durante dous ou máis anos: 2 puntos
- Por acadar mínimo un tercer posto en campionato galego durante un ano: 1 punto

3. **CATEGORÍA:** Valoración en función da idade de cada deportista, non da categoría na que se compite:

- | | |
|---|-----------|
| • Absoluta: idades fixadas na convocatoria | 10 puntos |
| • Júnior/xuvenil: idades fixadas na convocatoria | 8 puntos |
| • Cadete/infantil: idades fixadas na convocatoria | 6 puntos |



Para poder optar a estas axudas será requisito obrigatorio que os solicitantes reciban un mínimo de 3 puntos no apartado palmarés a valorar, e de 13 puntos no total.

Poderanse realizar de oficio as actuacións que se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aportados polo deportista, en virtude dos cales se formulará a proposta de concesión de bolsas.

Atendendo á especial importancia dun feito deportivo poderá valorarse a inclusión nestas bolsas de deportistas con calquera clase de discapacidade.

Quedarán excluídos destas axudas tódolos logros deportivos referentes á categoría de veteráns.

5.- CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

A contía destinada a cada liña da subvencións, os criterios de reparto das mesmas e a contía máxima fixaranse anualmente con cada convocatoria.

6. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO.

A instrución do procedemento corresponderalle á Concellaría de Deportes. No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O concelleiro delegado da área de Deportes, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de deportes, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

A resolución de concesión ditarase no prazo máximo de dous meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceda



axuda, ordenándoos en función da puntuación que tiveran obtido por aplicación dos criterios sinalados anteriormente, indicando o importe da axuda concedida.

A resolución designará igualmente aos solicitantes suplentes, en orde de prioridade, e a relación de solicitudes desestimadas - se fose o caso - segundo se establece no artigo 25 da Lei Xeral de Subvencións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

A Xunta de Goberno do Concello de Riveira estudará a proposta de concesión e acordará a concesión e o pagamento das bolsas outorgadas.

7.- NOTIFICACIÓN E PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A notificación do acordo deberá efectuarse no prazo de dez días sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude.

8.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN.

No prazo de 10 días naturais seguintes á notificación da resolución, os beneficiarios das bolsas deberán comunicar ao Concello de Riveira, por escrito, a súa aceptación.

Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase que o beneficiario está a desistir da súa solicitude, procedéndose automaticamente á concesión da axuda ao seguinte aspirante en puntuación.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/07, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no receptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria non se esixirá a presentación dunha xustificación por parte dos beneficiarios.

O pagamento efectuarase en todo caso despois da aceptación de achega por parte do beneficiario, de acordo co previsto na base anterior.



A concesión dunha bolsa na presente convocatoria non é incompatible co outorgamento doutras bolsas ou axudas económicas por outras entidades, sexan públicas ou privadas.

10.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

10.1.- Disposición adicional primeira

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

- Diante de notario.
- Polo Rexistro Xeral do Concello.
- Polo Rexistro doutros organismos públicos, naqueles casos nos que se presenten os documentos a través doutros organismos públicos que estean autorizados a efectos de rexistro.

10.2.- Disposición adicional segunda

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nas Bases de Execución do orzamento do Concello de Riveira.

10.3.- Disposición adicional terceira

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

10.4.- Disposición adicional cuarta.

Os beneficiarios de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigados a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins aos que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para comprobar se cumpren todas as condicións esixidas para a súa concesión.

O beneficiario deberá someterse aos procedementos de control ou de auditoría que se realicen pola Intervención Municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na súa condición de contratante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo. Como resultado dos ditos procedementos poderase esixir responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

11.- DISPOSICIÓNS FINAIS.

11.1.- Disposición final primeira.



Esta ordenanza, unha vez que sexa aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

=====

2.- Que unha vez, aprobada a ordenanza sexa exposta ao público por un prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

3.- Que no caso de non presentarse reclamacións e suxerencias, se entenda definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

3.- PROPOSICIÓN CONXUNTA GRUPOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN EN RELACIÓN Á IMPORTANCIA DO SECTOR DO MAR DE AROUSA NA ECONOMÍA LOCAL.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que por acordo de tódolos grupos procede a dar lectura á proposición que se transcribe:

“AOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA PRESENTACIÓN E DEBATE EN PLENO.

Os abaixo asinantes, na representación que se cita, propoñen aos Grupos Municipais para que presenten ao Pleno da Corporación, para debate e resolución a seguinte proposta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local.

O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera; mariscadoras a pe, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este sector resiste mellor os vaivéns do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos. En cifras, este sector representa o



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

No ano 2016, traballan na ría o 44% das mariscadoras/es a pé, mais do 41% das embarcacións de artes menores e o 68,7% das bateas de mexillón de Galicia. Nas lonxas arousáns poxáronse 38.329.584 kg de produtos da pesca e do marisqueo que se traduciron en 91.301.357 euros. E nas augas de Arousa colleitáronse 174.497.538 kg de mexillón (máis 70% do mexillón producido en Galicia), cun valor de 77.999.843 euros.

A frota pesqueira de Arousa está composta por 1.709 buques de pesca e 842 auxiliares de pesca e acuicultura, respectivamente o 38,6% e o 69,9% do total de Galicia.


De feito o sector primario do mar en Arousa é un sector estratéxico na economía dos nosos pobos e vilas pola riqueza e emprego que induce ademais en diversas actividades en terra:

- Empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores).
- Empresas proveedoras de servizos e subministracións (estaleiros, cordoarias, carpintaría, montaxes e maquinaria).
- Actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc.

Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

Este forte vencello entre as actividades primarias e o entorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da ría de Arousa que é única, coa actividade das bateas, as embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

alta estima e prestixio. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades arousáns.

Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas arriba as do río Ulla, o máis caudaloso e longo dos que alimentan a ría de Arousa.

Sobre o proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e o Pino.

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto da explotación mineira de cobre San Rafael, nº 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino, na canle media do río Ulla.

Este xacemento foi anteriormente explotado entre 1970 e 1986; a partir desta data abandonouse a explotación deste mineral deixando unha grande superficie cuberta por entullos, balsas de lodos, etc. Trinta e un anos despois aínda non se restauraron todas as superficies afectadas.

Isto provocou no entorno unha forte contaminación dos solos e das augas, tanto das superficiais como das soterradas. Augas de drenaxe hipercedas con concentracións altas de metais que contaminaron varios afluentes do río Ulla. A contaminación actual do estuario do río ten unha relación directa con esta mina.

Agora queren reactivar e ampliar esta concesión, coa participación do grupo multinacional Atalaya Mining, como consecuencia dos altos prezos do cobre estimulados pola demanda do mercado.

Inicialmente van a actuar durante dezaseis anos e medio sobre 689,65 hectáreas das 1.827 que ocupa a concesión, en dez ocos mineiros a ceo aberto dos que se prevé extraer 267,1 millóns de toneladas de materiais; 102,74 millóns de toneladas de mineral de cobre. Para extraer os materiais realizarán 6 voaduras diarias (cada unha con entre 9 e 16 toneladas de explosivos) o que producirá microterremotos que afectarán á estabilidade dos diques de contención das balsas de lodos.

O proxecto estima que durante os tres primeiros anos vanse verter ata mil millóns de litros anuais de augas que, despois de ser utilizada no tratamento químico necesario para precipitar os metais, será vertida ao Dominio Público Hidráulico.

Os lodos do proceso almacenaranse en dúas balsas: (i) unha auxiliar cunha capacidade de almacenamento de 34 millóns de toneladas estará contida por un muro de mais de 3 km de lonxitude e unha altura de ata 81 metros, e (ii) unha balsa permanente formada entre as cortas de Arindeiro e Viveiro (chamada



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

lagoa de Arinteiro e Vieiro) cunha capacidade de almacenamento de 69 millóns de toneladas estará contida por un muro de case 3 km de lonxitude e unha altura de entre 55 e 74 m.

Debido a que estes son os residuos máis perigosos, por ser xeradores de drenaxes acedas mobilizadoras de metais, está previsto almacenalos en depósitos impermeabilizados mediante xeomembrana PEAD e xeotéxtil. Estas balsas, que conterán a maiores os restos non degradados dos compostos químicos empregados na separación do cobre (algún sospeitoso de causar cancro), van ocupar unha superficie total de 269 hectáreas, o que nos dá idea do enorme volume de residuos perigosos almacenados.

Ademais se proxecta unha entulleira de estériles potencialmente xeradores de ácidos cunha capacidade de 58 millóns de toneladas que ocupará unha superficie de 484.000 m², e diversas entulleiras para os estériles non inertes con menor capacidade de mobilización de metais.

Ante os previsibles efectos prexudiciais que todos estes materiais van ter na calidade das augas dos afluentes do río Ulla, a empresa prevé o impermeabilizado e clausura destes materiais ao final do proxecto, sen ter en conta que os impermeabilizantes degrádanse e caducan co tempo polo que se verá incrementada a contaminación das augas proporcionalmente ao volume de residuos perigosos almacenados.

Por todo o expresado anteriormente, a empresa non garante dabondo que os metais tóxicos, os reactivos das augas do proceso, os lixiviados das cortas e das entulleiras non vaian afectar ás augas e sedimentos do río Ulla.

Os concellos situados río abaixo da mina poden verse afectados pola contaminación das augas do río nas captacións de auga potable.

A experiencia previa constatou o importante dano ambiental que esta explotación mineira orixinou e segue orixinando na cunca do principal río que desemboca na ría de Arousa. De feito na actualidade o rego de Pucheiras –afluente do Ulla- tras estar en contacto coa zona de explotación abandonada amosa niveis de cadmio e de mercurio moi superiores aos máximos legais permitidos.

A execución deste novo macro-proxecto de explotación mineira na cunca do Ulla pon en risco a principal área de produción de moluscos da UE, a ría de Arousa. Por tanto as administracións deberían aplicar o “principio de precaución” para protexer as actividades de pesca, marisqueo e cultivo de mexillón que se realizan nesta ría.

A execución deste macro-proxecto tamén pon en risco as captacións de auga potable de concellos de Vedra, Boqueixón, Teo, Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, Catoira e Vilagarcía de Arousa.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

A execución deste macro-proxecto tamén pon en risco os valores naturais protexidos como o ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, as especies ameazadas (nomeadamente o mexillón de río, *Margaritifera margaritifera* e a toupa de río, *Galemys pyrenaicus*) e o Humidal Ramsar Complexo intermareal Umia-Grove- Carreirón.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Arousa temos solicitado á Consellería do Mar e á Consellería de Economía, Emprego e Industria a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro-O Pino e propoñemos que o Pleno Municipal acorde:

- 1.-Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.
- 3.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a
PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón
nº 44 -entrechán, C.P. 36600, correo-electrónico pdrarousa@gmail.com “

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que as firmas son de tódolos representantes municipais, e tamén de todos os non adscritos. Ramón Martínez Parada pola Asociación de Armadores de Riveira; asociación de Armadores do cerco de Aguiño e Riveira; Sociedad Cooperativa Gallega del Mar Santa Eugenia; Vendeduría Portas, Vendeduría Pesca Fresca; Cofradía de Carreira y Aguiño; Cofradía de pescadores de Palmeira; Lonxa de Riveira; Cofradía de pescadores de Riveira; Asociación de produtores de mejillón de Puebla del Caramiñal; Alejandro Tubio Lorenzo en representación de Opmegal; José Manuel Suárez Torrado como vicepresidente en representación de Opmegal; Vendeduría Majo; e Asociación de Arrastreiros de Riveira.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) quen dí: desde o grupo municipal Socialista queremos destacar a firma desta proposición conxunta da Corporación municipal, pero ao mesmo tempo amosar a nosa preocupación pola noticia do domingo no Correo Gallego, onde a Directora Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia pide tempo para que os Técnicos miren e evalúen o proxecto, para establecer medidas correctoras ou compensatorias. Non debemos olvidar as consecuencias de fai 20 anos, que segue sendo un foco de contaminación, Aznalcollar; polo que, polo tanto, non podemos poñer en risco a nosa supervivencia nesta Comarca, 13 Concellos captamos auga potable do río Ulla, e a da nosa natural riqueza pesqueira e marisqueira.

Solicitamos a retirada e carpetazo por parte da Xunta de Galicia do proxecto de explotación da mina San Rafael de Touro en o Pino.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que si por algo se distingueu sempre a Corporación de Riveira é por ter ben claro cales son as nosas fontes de vida e nacemento, a nosa historia e os nosos recursos, e polo que teño visto da firma de tódolos grupos, pois, creo que están á altura do que a defensa da ría merece, e polo tanto, dende esta Alcaldía e o grupo de Goberno tamén lles agradecemos a todos que esa unión que sempre tivemos ante os posibles riscos que son comúns para todos, pois, que sepamos sempre distinguir o que é os intereses, liortas ou diferencias que podamos ter ideolóxicas para unírnos no que creo que é de todos como é a ría.

A concelleira M^a do Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) dí: primeiramente como mariscadora e traballadora do mar quero agradecer á Corporación municipal de Riveira o seu apoio á moción presentada, así mesmo como os colectivos que firmaron, porque recoñecen que unha vez mais o sector está unido cando ten que defender o seu medio de traballo que é do que vivimos.

Agradecemos que se recoñeza que a apertura da mina de Touro e do Pino vai a perxudicar á ría de Arousa e a súa estrutura económica.

Quixera facer unha pequena mención con respecto á proposición non de Lei que se presentou no Parlamento por parte do PP, en donde se nos comenta que por parte do PP dí, que o seu grupo non se vai a posicionar nin a favor nin en contra do proxecto mineiro, senon que vai a depender exclusivamente do contido técnico dos informes.

Outra mención que fai é que mostra a súa preocupación con respecto á reacción que pode ter no río Ulla e neses bancos marisqueiros da Arousa, e que van a seguir un escrupuloso seguimento na tramitación do proxecto, pero é que van a deixalo meridianamente clara a súa seguridade cando realmente non pode ser meridianamente claro, un proxecto ten que ser totalmente transparente.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Despois, quixera tamén darlle un pequeno toque de atención, que nós non prevaricamos, eles din que nós estamos facendo unha prevaricación, que queremos que a Xunta de Galicia prevarique, nós non queremos eso, faltaría mais, nós o que queremos é que esiximos o máximo respecto ao noso traballo, e o máximo respecto a nosa ría, e mais a nosa terra; nós non podemos antepoñer as plantacións das multinacionais e todo o que levamos vivindo alá toda a nosa vida.

A parte deso, que serían os puntos que mais me chamaron a atención con respecto á proposición de non de lei do Parlamento, pois, de novo gracias polo apoio da Corporación Municipal e mais de tódolos sectores do mar.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición conxunta de todos os grupos municipais da Corporación Municipal de Riveira sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 19/04/2018, **por unanimidade dos seus membros, acorda:**

1.-Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e Industria que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados, para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade ambiental do río Ulla e da ría de Arousa.

3.- Remitir o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº 44 -entrechán, C.P. 36600, correo-electrónico pdrarousa@gmail.com

4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. BNG PRESENTADA POR LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL, EN RELACIÓN Á NECESIDADE DUNHA REORGANIZACIÓN DO TRÁFICO VIARIO NO BARRIO DO MONUMENTO E RÚAS ADXACENTES.

O concelleiro Sr. Pérez Barral do grupo m. BNG, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data abril de 2018 (rex entr. 05-04-2018, nº 5.085) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de peonalización que se está realizando en Ribeira está a modificar os fluxos e a circulación de vehículos dentro do casco urbano. Os vehículos que antes circulaban polas rúas Rosalía de Castro, Galiza e Cristobal Colón, agora circulan por outras estradas sen maior problema, agás no barrio do Monumento e nas rúas adxacentes.

O barrio do Monumento está caracterizado por ser un barrio con importantes desniveis ao que se lle suma rúas con tráfico nas dúas direccións e zonas habilitadas para o estacionamento. Isto non suporía ningún problema de teren as rúas un ancho suficiente, cousa que non pasa por unha mala planificación. O problema que se está a dar nas rúas que teñen os dous sentidos da circulación, é que os vehículos non poden transitar sen deterse, posto que teñen que deixar pasar a outros vehículos ante a falta de espazo.

Asemade, hai que ter en consideración que na actualidade o barrio do Monumento absorverá unha densidade de tráfico maior, pois será unha das zonas de entrada ou saída do centro urbano.

Xa que logo, desde o BNG consideramos que o Concello de Ribeira debería realizar un estudo para reorganizar o tráfico rodado alomenos para as rúas Monumento, Novoa Santos e Romero Ortiz.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Consideramos que o proceso de peonalización non pode provocar contratempos noutras rúas de Ribeira, polo que cremos preciso facer axustes nestas rúas para evitar os problemas circulatorios que se poden rexistrar.

Do mesmo xeito, solicitámoslle ao goberno do Concello de Ribeira que realice ese estudo intentando preservar, alí onde sexa posíbel, as prazas de estacionamento e que, tamén sempre cando sexa posíbel opte de xeito prioritario polos sentidos únicos de circulación.

Por todos estes motivos, en nome do BNG solicito a aprobación do seguinte acordo:

Que o Concello de Ribeira realice un estudo para un reordenamento do tráfico rodado no barrio do Monumento e rúas adxacentes que se consideren necesarias.”

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) di: en relación á emenda que me fai o Sr. Reiriz, a min gustárame saber porqué o Goberno Local agarda a que este grupo presente unha proposición para informar dos avances dese estudo; gustárame saber porqué non informa con antelación aos diferentes grupos da Corporación, porque vostedes, presidido basicamente polo Sr. Alcalde, teñen Xuntas de voceiros, e polo tanto, aí pode ir avanzando, que se está facendo, e polo tanto, ao mellor estas tarefas xa se conseguiría reflectir tamén a opinión dos grupos, sin embargo, eu penso que si non se fai é porque hai unha volta a agochar as cousas que se fan dende o Goberno municipal, e aquí vou a decir unha cita que seguramente ao Sr. Alcalde lle soe: “Sei, por experiencia propia, que a toma de decisións pode esixir sacrificios, e que non sempre son comprendidas ou que lexos de producir réditos políticos producen escocemento na xente, pero cando sexan necesarias en beneficio de Ribeira non me temblará o pulso, eso si estou disposto a levalas adiante con diálogo e participación...”; esto é unha cita da súa investidura como Alcalde en 2015, entón, non entendo porqué o PP fai unha emenda de substitución; podería entender que hoxe se nos dese aquí conta do informe ou, polo menos, do avance que se teña, se non está completo pero non entendo o motivo da substitución, como ben dixo vostede nesa cita, hai veces que non hai que sacar rédito político e esta proposición non vai por iso, vai para amañar un dos problemas que se está creando no barrio do Monumento e que, polo tanto, queremos darlle solución da man a poder ser da unanimidade desta Corporación.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que eu escoito moitas veces pola rúa, non me saludaste, por exemplo, eu sempre digo, eu non che vin, pero tí que me viches puidéste me saludar a mín, verdade, entón, eu dou conta practicamente de todas as cousas importantes neste Concello, pero á mesma xente que lle dou conta se me pode preguntar, vostede non preguntou, vostede creu que tiña unha idea xenial que o Goberno non había traballado nela e trouxo a ao pleno, ¿porque non preguntaron e xa lle houberamos dito os traballos que tiñamos?; dende o momento que ven ao Pleno,



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

non lle diga ao meu grupo municipal como temos que actuar, si vía emenda ou non vía emenda. Si me houbera preguntado, de tódolos temas que me preguntan eu nunca neguei a resposta a ningún, outra cousa é que eu para explicar 12 ou 14 horas de traballo ao día que teño, necesitaría cando menos unha vez que nos reunimos 8 horas seguidas de reunión, entón, digo o mais importante, pero o mais importante para min igual non é o mais importante para vostedes. Con que houberan preguntado llo houbéramos dito, entón, estamos decindo no Pleno porque vostedes trouxeron esto ao Pleno.

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: realmente IPdeR cree que neste Concello dende hai 3 anos se goberna dunha forma totalmente distinta, como dirían algúns que coñezo eu, pois, por imperativo legal, por imperativo de que non hai a maioría; pero dende logo eu que estiven con Gobernos con maiorías absolutas, teño que dicir, e dicir públicamente que aquí se está gobernando de forma distinta, e que a oposición moitísimas veces aporta ideas, que non hai mais remedio por parte do equipo de Goberno, de acatar. Tamén teño que dicir que con todos estes meses que levamos nas reunións de portavoces, dándolle voltas á peatonalización e os cambios do centro de Riveira, continuamente sale a cuestión do tráfico, que si o tráfico ten que subir, que si o tráfico ten que baixar, si esta rúa é mais estreita ou é menos estreita; agora, hai unha realidade independente e me parecería casi imposible que puideran definir o tráfico cando todavía non está definido realmente como vai a ser o centro de Riveira para os cidadáns; como vai a ser toda a peatonalización, por onde poden entrar os vehículos, por onde poden transitar ou non tería sentido ningún facer unha reorganización do tráfico sin ter os problemas que vai a traer a peatonalización ou a semipeatonalización ou as obras que non se poda circular con coche, e facer un estudio antes. Agora, algún portavoz poderá negar en público, pero dende logo, eu que estou con eles, falamos moitas veces do problema do tráfico de Riveira, como se vai a solucionar, por onde se vai a subir ao Monumento, por onde se vai a baixar, o problema de Romero Ortiz con aquelas dúas casas ou esquinas que estreitan a carretera, e ademáis, é que me parece normalísimo, Luís, porque eu non estou disposta a ser concelleira e representante dos veciños e as cousas que lles afectan non preguntarllas ao Alcalde e si fai falta tirarlle das orellas. Eso é así, e estou disposta a decilo onde sexa.

Nós apoiamos que se faga un estudio, pero cando quede ben definido como vai a ser a peatonalización ou a semipeatonalización ou si non vai a haber peatonalización; entón falaremos de como, porque si ao final non vai a haber peatonalización e se pode circular por rúa de Galicia, pois, xa nos podemos olvidar do Monumento.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: dende o grupo Socialista estamos a favor de realizar o estudio de reordenación do tráfico na zona sinalada.

Quixéramos, dende o noso grupo, aportar unhas medidas a modo de suxerencia:

1ª) Doble sentido na rúa Monumento ata a rúa Castela, despois sentido único ascendente.

2ª) Sentido único rúa Novoa Santos, dirección Valle Inclán, e as dúas rúas transversais sentido único dirección Romero Ortiz.

3ª) Sentido único rúa Romero Ortiz, ata a confluencia rúa do Toxo - rúa da Canteira.

4ª) Desde Martín, dirección ao Porto pesqueiro/ Malecón, por rúa da Airó.

As demais rúas da zona quedarían no sentido da circulación actual.

O concelleiro Victor Reiriz Lampón (grupo m. PP) dí: non sei si nos vai a aceptar a emenda o Sr. Barral, xa empezou falando de que non había transparencia simplemente nin pregunta si hai algún proxecto feito.

Voulle a ler a emenda: que se dea conta ao Pleno do Concello de Riveira acerca do estudo que se está a elaborar para a reorganización do tráfico no entorno do Monumento; onde xa está feito o estudio, o 90%, pero feito por especialistas, non por xente da calle, por xente cualificada. Eu nunca vou a dar un informe dun cambio de sentido dunha rúa, dunha estrada, duns aparcadoiros, sin ter un informe favorable da Policía Local.

=====

O concelleiro Victor Reiriz Lampón (grupo m. PP) explica que o seu grupo ten presentada unha **emenda de substitución** de data 24 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, nº 6.128), relativa á proposición do grupo m. BNG en relación á necesidade dunha reorganización do tráfico viario no barrio do Monumento e rúas adxacentes, redactada da seguinte maneira:

“Que se dea conta ao Pleno do Concello de Riveira acerca do estudo que se está a elaborar para a reorganización do tráfico no entorno do Monumento”.

=====

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) en termos de réplica dí: primeiramente responderlle á Sra. Pose, se finalmente non vai a haber peonalización, pregúntome eu ¿porqué se fixeron eses investimentos nesas rúas?, sería tirar os cartos e basicamente aí sí que terían a oposición de toda a veciñanza; poderase mirar, estudar, as diferentes propostas que se nos fan por parte de veciños e veciñas, e



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

tamén por parte das persoas que teñen alí negocios, pero o que non se vai a poder facer, ao meu entender, é reverter o estado actual da rúa porque senon sería tirar os cartos nun investimento que non sería axeitado.

Con respecto ao PP, paréceme estupendo que se estea facendo un estudo xa por parte da Policía Local. Eso non impide aprobar esta proposición, si xa se está facendo, aprobaríase como vostedes teñen maioría tamén para conseguir que esto se aprobe, pois, non habería ningún problema para que fique patente aquí, nesta Corporación, nesta Sesión Plenaria, de que o Goberno ten esa vontade de facer ese estudo que xa se está a realizar, según comentan, e unha vez estea rematado que nos dean conta aos grupos; non ten porqué ser no Pleno, senon cunha copia dese estudo e para despois posteriormente debater cales son o sentido das rúas, precisamente nesta proposición, e houbo algunha xente que me preguntou porqué non facía unha proposta mais específica e así tan xenérica, precisamente foi por iso, porque eu non son un Técnico municipal e, polo tanto, eu non teño os coñecementos suficientes, nin tampouco teño a autoridade para facer eses cambios, polo tanto, non estou dacordo coa súa emenda.

Eu diríalles que non hai ningún problema por aprobar esta proposición e si ficaría patente o compromiso de toda a Corporación municipal para facer ese estudo de comprometermos a cambiar o sentido das rúas que sexa necesario para nun futuro evitar problemas de circulación.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o estudo está feito, solo falta unha cuestión que é o que o motiva, que é que para sacar todo o tráfico, do que é o Monumento para arriba, sacar o que é o aparcamiento, pois, lóxicamente temos que dar alternativas porque se pode decir donde se saca aparcamiento que non se saca aparcamiento pero se saca aparcamiento; e polo tanto, o único que estamos é á espera de firmar un contrato, un convenio, unha cesión, da finca enfrente do cementerio, para que alí podan aparcar e que permita, pois, sacar tódolos coches que están nesas beiras do Monumento, e polo tanto, o estudio está feito.

De todas formas, como antes se dixo aquí, podemos presentar suxerencias á Policía Local, pero lóxicamente quen ten que dar o visto bó, quen ten que aprobalo é eles, eles son os que fixeron o estudio, son os que mais coñecen o tráfico, e o estudio eu estou en disposición, por eso lle digo, de no próximo pleno ou cando vostedes queiran na xunta de portavoces, de darllo a tódolos grupos, pero volvo a repetir, o primeiro que se vota aquí son as emendas, non hai que aceptalas ou no, é decir, si o Pleno considera que lle demos conta a tódolos portavoces, a tódolos grupos, a tódolos concelleiros, se lles da conta mañán mesmo dese estudo.

O que facemos é que do estudo realizado da Policía Local, se de conta a tódolos concelleiros que compoñen este Pleno, para que antes da aprobación do mesmo podan examinalo e pasarlle as suxerencias que consideren oportunas á Policía Local. A aprobación, vaina a aprobar o Alcalde, non a van a aprobar vostedes, e vaina a aprobar có informe favorable da Policía; eu poderei estar dacordo ou non estar dacordo, se non estou dacordo non cambio o tráfico.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) en termos de dúplica dí: pero poderemos mirar ese estudo, poderemos debatelo entre os grupos municipais para facerlle as achegas oportunas á Policía Local.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que vostedes fagan o que queira, coas suas suxerencias, trasladareillas ao Oficial e ao final dirá que sí, que non, ás suas suxerencias, pero volvo a repetir, é decir, moitas veces temos a tentación de ser nós os que fagamos o tráfico, eu non lle vou a sacar a autoridade á Policía Local, si non estou dacordo có que me propoñen, pois, sigo como estamos ata o de agora, polo tanto, fagan as suxerencias que queiran.

Entón, o acordo sería que do estudo realizado ata a data pola Policía Local, se de conta a tódolos grupos por si queren facer algún tipo de suxerencia antes da aprobación do mesmo, e esa é a emenda.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) propón neste momento que a **emenda de substitución** á proposición do concelleiro Sr. Pérez Barral do grupo m. BNG, quede redactada como se transcribe textualmente:

“Que do estudo realizado ata a data pola Policía Local, se de conta a tódolos grupos por si queren facer algún tipo de suxerencia antes da aprobación do mesmo.”

=====

O concelleiro Luis Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: que **acepta a emenda**.

=====

O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución redactada da seguinte maneira:

Que do estudo realizado ata a data pola Policía Local, se de conta a tódolos grupos por si queren facer algún tipo de suxerencia antes da aprobación do mesmo.



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Pérez Barral, relativa á necesidade dunha reorganización do tráfico viario no barrio do Monumento e rúas adxacentes, *coa emenda de substitución do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta o propoñente da proposición*, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana, en sesión celebrada o día 19/04/2018, **por unanimidade dos seus membros, acorda:**

Que do estudo realizado ata a data pola Policía Local, se de conta a tódolos grupos por si queren facer algún tipo de suxerencia antes da aprobación do mesmo.

5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR MANUEL ANTONIO GARCÍA PÉREZ, EN RELACIÓN A DEFICIENCIAS NO MERCADO MUNICIPAL.

O concelleiro Sr. García Pérez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 13 de abril de 2018 (rex entr. 13-04-2018, nº 5.524) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

- O pasado 27.11.17, o Mercado Municipal de Ribeira véuse afectado por filtracións de auga, e pese a reparación efectuada polo Concello de Ribeira nos vestuarios, siguen activas as filtracións de auga, como evidencian os barreños colocados no lugar para recoller o líquido elemento; polo que o recinto continúa sin reunir as condicións adecuadas para os seus usuarios.
- Esta situación xenera a preocupación dos adxudicatarios dos postos establecidos no mercado.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

- As queixas arrecian entre os asociados, que sufren os problemas de focos de humidades; a inutilización do montacargas debido a que o foso do elevador está cheo de auga, e non se pode utilizar por risco de descargas eléctricas e posible cortocircuito; os desconchados da pintura nas paredes; as deficiencias na máquina de fabricación do xeo; e que están expostos a inseguridade da praza, xa que se produciron dous ou tres roubos neste mercado, cuestión que pode ser agravada coa posta en funcionamento do bar-restaurante na planta superior.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

- 1.- Que por parte do Sr. Alcalde e a Sra. Delegada de Mercados, se proceda de xeito inmediato a solucionar estas deficiencias estruturais, e tamén de seguridade.
- 2.- Este novo Mercado Municipal leva en funcionamento apenas dous anos. Pensamos que está en periodo de garantía, polo tanto instamos a que o Sr. Alcalde se dirixa a empresa Constructora — Acciona Infraestructuras, S.A., co fin de que proceda a reparar as deficiencias existentes.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: antes de nada dicir que, a verdade, teño un problema bastante gordo có galego, fago esforzos, eu non dixen que se iba a quitar a peatonalización compañeiro, dixen, ao mellor non hai peatonalización, que é un tema moi distinto; hai que escoitar ben, e por outro lado, eu coincido en que os expertos na circulación é a Policía Local.

Respecto a isto Sr. Alcalde, vamos a apoiar a moción que eu casi esos dous puntos os cambiaba porque nos explicase en que sigue esta situación do edificio do mercado e que actuacións se van a levar dende o Concello para acabar de solucionarlos e deixalo en condicións.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: en primeiro lugar quero dicir que si todo o que se dí aquí é verdade, pois, é unha cousa preocupante, porque aquí eu o que vexo son deficiencias que podrían ser temporais, se refire tamén a deficiencias que xa considera estruturais, que xa é un pouquiño mais grave; fala de deficiencias na maquinaria, no montacargas, e na máquina de xeo, que realmente poden xerar perigo para as persoas, tanto para os que traballan alí como para os usuarios, porque fala dun foso inundado, en fin, estas cousas



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

que todos sabemos que a electricidade coa auga se leva moi mal, e despois fala doutros problemas como é o problema de seguridade polos roubos, etc.

Conviña, Sr. Alcalde, aclarar esto, porque claro, non é igual que haxa unha pingas porque rompe unha tubería, que haxa deficiencias estruturais, que haxa filtracións de auga, que haxa que poñer caldeiros como se dí aí, enfin, ou que o montacargas esté inundado, pode estar inundado por un episodio concreto dunha rotura do que sea, pero si vai a estar así sempre, isto é unha cousa de seguridade das persoas. Entón, convén aclarar todo isto e, dende logo, si todo isto que dí o Sr. García que eu non teño porque dudar, é verdade, isto require unha reparación e tomar medidas urxentes, e si é así, nós votaremos a favor.

A concelleira M^a Esther Patiño Rey (grupo m. PP) dí: a Xunta de Goberno do Concello, en sesión celebrada o día 23 de novembro de 2017, adxudicou a obra “reparacións na planta baixa e sótano do mercado municipal” á empresa Construcións Genaro Cadabal; nela incluíanse as seguintes actuacións: colocación do falso teito no sótano, instalación de protectores no zócalo e pilares na planta baixa, sustitución de portas na planta baixa, reparación da pintura nas escaleiras de baixada ao sótano, instalación dun sistema de aire acondicionado na planta baixa e sellado de pasatubos existentes entre a planta baixa e o sótano. Esta obra está actualmente en execución e espérase que esté rematada durante o próximo mes e solucionar así os problemas existentes.

Con respecto ás filtracións indicadas no escrito; son debidas á execución dos pasatubos mencionados entre a planta baixa e o sótano, cando se instalaban os postos e os mostradores das pescadeiras; polo que son posteriores á obra do edificio, quedarán solucionados tamén coa execución da obra.

O foso do montacargas non está inundado, ten unha pequena filtración de auga nunha esquina que é o que provoca que o chan esté mollado; o pasado venres 20 de abril realizouse unha inspección cós Técnicos de Acciona e acordouse colocar unha tela impermeabilizante en todo o foso montacargas, está previsto que se coloque este venres.

Por outro lado, dicir que o montacargas non está en funcionamento porque para poder poñelo en marcha hai que dalo de alta en Industria, para o cal é obrigatorio ter contratado o servizo de mantemento. Para este servizo contratouse a unha empresa que será tamén quen coloque unha liña telefónica en réxime de alquiler, que é tamén obrigatorio para este servizo. Neste momento non hai ningún impedimento para poñelo en marcha, polo que esperamos se realice nas vindeiras semanas.

Respecto da seguridade que menciona no seu escrito, fai unhas meses se instalaban cámaras para poder vixiar o edificio, e ademais solicitáronse orzamentos para colocación dunhas mesas na planta baixa, na planta primeira, e tamén na segunda, có obxectivo de impedir a entrada de persoas aínda que se atopa aberto o restaurante. Estamos á espera de recibir ditas ofertas. A obra leva executada 3 anos, polo que xa está cumprido o prazo de garantía establecido e era dun ano dende a recepción da obra, e ao contratista xa non se lle pode facer ningunha reclamación. A pequena filtración do montacargas e o único que podería considerarse



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

responsabilidade de Acciona, a quenes unha vez se lles foi transmitido este problema personáronse no edificio e mostraron a súa disposición a tomar as medidas que sexan necesarias para reparalo.

O concelleiro Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: eu visitei o mercado a requerimiento dos praceros, baixei polas escaleiras, que por certo son bastante estreitas e visitei todo.

Esta proposición se acompaña dunhas fotos, non de todas as que se quitaron, pero se pode observar na situación en que se encontra hoxe aquilo; pero hai outra cousa máis, mesmo nas paredes, alí hai colocado pladur e o zócalo, que debía haber un zócalo pola parte que se une ao piso onde están os praceros, non existe, polo tanto, tamén quixen entrar a mirar como estaba o montacargas e se me dixo que alí non había chave, non se podía acceder, que estaba a auga, esa foi a solución que me deron, a resposta oral; entón, a partir de aí tamén os praceros esixiron dado que se vai a poñer a cafetería, se vai a inaugurar a finais deste mes, que queren unha reja de seguridade porque agora vai a acceder a xente, evidentemente, en ascensor para disfrutar da cafetería e non se sabe a que hora vai a pechar, á 1 da mañán, ás 2 da mañán, ás 8, vai a estar continuamente subindo e baixando xente. Afortunadamente para que lle vaia ven a esa persoa que colleu a cafetería alí, entón, os praceros están realmente preocupados Sr. Alcalde, non é unha invención do Sr. García, o Sr. García foi alí a requerimiento dos praceros.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que ningún dixo que fora invención súa, senon o 23 de novembro, é dicir, fai 4 meses non houberamos aprobado precisamente reparar estas cousas, é dicir, o único que lle estamos decindo é que agradecemos moito que vostede se preocupe pero xa era algo do noso coñecemento, do que nos habíamos preocupado, do que parte das cousas xa se están solucionando e outras có contrato de mantemento quedan solucionados.

Eu si lle teño que dicir, que todas estas reparacións tiñan que ver ou con suxerencias de Sanidade ou con feitos posteriores á entrega desa obra. Cada vez que chamamos á empresa Acciona non temos ningún problema en que veña e de feito o foso, dease conta que aí está ao lado do mar, está alá abaixo, non se sabe de onde veñen as filtracións pero son moi pequeniñas e de feito quedaron en impermeabilizar eso, de todas formas no momento en que o contrato de mantemento xa se empece a levar a cabo, pois, xa a empresa o ten que facer.

En canto ás rejas, como lles decía a Sra. Concelleira, estamos á espera de que nos pasen o que é os presupostos porque aproximadamente estamos a falar de 2 ou 3.000 euros por cada unha das que ten que haber. Estamos a falar de que si lles facemos caso aos praceros son un mínimo de 3 na planta baixa, mais 2 na outra planta, e 2 na outra, é dicir, 7, estamos a falar xa dunha inversión importante que requirirá un esforzo do Concello, polo tanto, o que se ten pensado facer nestos momentos é poñelas na planta que é necesaria que é na planta baixa, sobre todo na de fora.

O concelleiro Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de dúplica dí: ten ocorrido neste Concello con diversos tipos de obras, que o Concello fai a recepción das obras, non sei como se lle da o parabén á empresa



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

constructora e fai as obras e despois o noso Concello, témonos que facer cargo de certas cousas porque as obras non se terminaron tal cual se debían terminar, ou eso é así a primeira vista o que me parece a mín. O noso Concello ten que ter moito coidadiño cando recibe unha obra e nas condicións que recibe.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que simplemente decirlle, que como antes se dixo aquí, non ten nada que ver coa obra, que todo o que ten é posterior polo que se fixo precisamente das plaseras e polo que mandou Sanidade poñer, é decir, falsos techos, onde hai un desague cubrilos, etc. Non ten nada que ver coa obra, de todas formas decirlle que nas obras do Concello estamos poñendo unha empresa de control externo, có cal a partir de ahí, pois, eu creo que o resto é un pouco leyenda urbana, todo eso, que vostede dí.

Si algunha destas deficiencias tivera que ver ca redacción dos traballos cando se adxudicaron, pois, estaríamos decindo efectivamente metémola pata, pero quero decir que son cousas novas sobrevenidas pola acción do mar. A das goteras é moi fácil de solucionar, non é estrutural.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. García Pérez, relativa a deficiencias no mercado municipal, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 19/04/2018, **por unanimidade dos seus membros, acorda:**

1.- Que por parte do Sr. Alcalde e a Sra. Delegada de Mercados, se proceda de xeito inmediato a solucionar as deficiencias estruturais do Mercado Municipal de Riveira, e tamén de seguridade.

2.- Que o Sr. Alcalde se dirixa á empresa Constructora — Acciona Infraestructuras, S.A., co fin de que proceda a reparar as deficiencias existentes.



6.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. Cs PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL CARDALDA NOVO, EN RELACIÓN A MELLORAS NA PÁXINA WEB MUNICIPAL.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (grupo m. Cs) dí: antes de nada quero agradecerlles moitísimo o haber aceptado a suxerencia do Alcalde en canto ao cambio das fechas deste pleno, xa que necesitaba facer eu unha cousa e por eso foi o cambio de fecha.

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 14 de marzo de 2018 (rex entr. 15-03-2018, nº 3.707) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En primeiro lugar, a páxina web atópase, na súa maior parte, só en galega, cando o artigo 3 da Constitución e o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, garanten o dereito e otorgan a facultade dos cidadáns a elixir a lingua coa que desexan realizar as súas comunicacións coa Administración.

Na actualidade, a páxina web do Concello de Ribeira atópase, en parte, só en lingua galega, vulnerando por tanto o dereito que todos os cidadáns teñen á libre elección do idioma co que se comunican coa Administración.

Este dereito a comunicarse coa Administración en castelán foi reiterado en diversas ocasións polo Tribunal Constitucional:

"Sólo los particulares, en tanto que titulares del derecho de opción lingüística garantizado por el propio art. 33.1 EAC, pueden preferir una u otra de ambas lenguas en sus relaciones con el poder público radicado en Cataluña. Y hacerlo, además, en perfecta igualdad de condiciones por cuanto hace a las formalidades y requisitos de su ejercicio, lo que excluye que, como pudiera resultar de una interpretación literal del apartado 5 del art. 50 EAC, quienes Página 2 de 3 prefieran que su lengua de comunicación con las Administraciones sea el castellano hayan de pedirlo expresamente" (STC 31/2010 FJ 23).

Polo tanto, é necesario garantir dende este Concello o dereito que teñen todos os cidadáns a comunicarse coa Administración en calquera dos dous idiomas oficiais, non excluindo a ningún dos dous.



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

En segundo lugar, a velocidade de carga da páxina web é moi lenta, o que provoca moitas queixas dos cidadáns, e en particular, das persoas xurídicas, xa que están obrigadas a realizar a súas xestións co Concello a través deste medio. Do mesmo xeito, consideramos que non se atopa á altura dunha cidade como Ribeira, que presume de ter un premio como Cidade da Ciencia e a Innovación (Smart City).

En terceiro lugar, a calidade coa que se emite o Pleno por streaming é moi baixa, facendo moi difícil distinguir a persoa que fala e ver o sentido das votacións dos concelleiros. Os medios actuais, que non supoñen un custo para o Concello, cando se realiza algún tipo de directo por redes sociais, teñen moitísima máis calidade que o vídeo dos plenos.

Dende Cs consideramos un exercicio de transparencia que os cidadáns poidan ver e consultar os temas que se tratan nos plenos, polo que consideramos que hai que mellorar a calidade das cámaras instaladas, así como a do son.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Cidadáns Ribeira solicita a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Que toda a páxina web se atope nos dous idiomas cooficiais.
2. Que toda a páxina web se atope tamén en inglés e non só na parte de turismo.
3. Garantir o dereito de todos os cidadáns a recibir a información que soliciten no idioma oficial que elixan.
4. Que se aumente a velocidade de funcionamento da páxina web municipal e demais deficiencias de funcionamento.
5. Que se mellore a calidade do vídeo e do son coa que se transmiten os plenos en directo."

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: IPdeR a favor.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: desde o grupo Socialista desexaríamos que se votase por puntos.

No primeiro punto estamos a favor de que toda a páxina web se atope nos dous idiomas cooficiais.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

No segundo punto non estamos a favor de que toda a páxina web se atope tamén en inglés e non só na parte de turismo.

No terceiro estamos en contra porque creo que vai en contra das obrigas das persoas que están ao fronte da atención ao cidadán.

Estamos a favor do cuarto, de que se aumente a velocidade de funcionamento da páxina web municipal e demais deficiencias de funcionamento.

Estamos tamén a favor de que se mellore a calidade do vídeo e do son coa que se transmiten os plenos.

O concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG) dí: dende o BNG entendemos que este debate convenlle a Ciudadanos para posicionarse no ámbito estatal, tamén se posiciona en Galiza para separar distancias co PP, o PP xa empregou esta táctica no 2008 e saíulle ben porque aí temos o PP gobernando na Xunta de Galiza dende o 2008.

Se ben é certo, a min gustárame preguntarlle ao Sr. Cardalda porqué escolle o inglés e non por exemplo o árabe, e digo árabe porque por exemplo, no noso Concello viven bastantes mais persoas con fala árabe que con fala inglesa, e polo tanto, tamén podría ser unha opción, atender a esas persoas que viven no Concello de Riveira na lingua propia, por exemplo, xa que o árabe como o inglés non é unha lingua propia nin do Estado nin de Galiza.

Entón, eu dende o BNG, gustárame pedirlle que por favor, nos deixase votala por puntos, porque estamos a favor da grande maioría dos puntos, de case todos. O primeiro e o terceiro, sería reiterar algo que xa ven recollido na propia lexislación e, aínda así, votaríamoslle a favor de todos, agás do 2, e voulle a decir porqué, non é por unha cuestión ideolóxica, non é por unha cuestión partidista, non, é unha cuestión basicamente de orzamento e tamén unha cuestión que, pois é de sentido común. Non podemos destinar demasiados cartos, a algo que total non vai a ser gran usado, penso eu; porque quen vaia a solicitar unha acta plenaria en inglés, pois, eu penso que vai a ter pouco percorrido.

Así e todo, gustárame tamén propoñerlle que tal e como manda o Estatuto de Autonomía no seu artigo 5, no título preliminar, a lingua galega e a lingua propia de Galiza e tamén os poderes públicos deben promover o seu uso, polo tanto, nós estaríamos a favor de aprobarlle tódolos puntos, agás o 2 porque non o consideramos unha prioridade para Riveira.

Pídolle que teña a ben considerar esta opción que tanto lle pide o BNG como o PSOE, de votala por puntos, e tamén gustárame facerlle unha suxestión, que no primeiro que poña toda a páxina web que se atope nos dous idiomas cooficiais, dándolle prioridade tamén á lingua galega como primeira opción á lingua galega porque tamén temos unha obriga na lei de normalización lingüística que se aprobou en 1.983 por unanimidade, e tamén o Plan Xeral da normalización galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza, contempla que as Administracións Públicas deben promover de maneira prioritaria o uso do galego, sin que esto supoña menoscabar os dereitos que teñen obviamente tódalas persoas que non falen galego, polo tanto, esa é a nosa petición, que no primeiro tamén poña como primeira opción a



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reg./Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

lingua galega porque tamén estamos obrigados, non solo estatutariamente senon pola lei de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización da lingua Galega, e que deixe o resto votar por puntos se ten a ben.

Auséntase nestos intreos do salón de sesións a concelleira María Dolores Elorduy Callón (non adscrita)

O concelleiro Manuel Emilio Pérez Outeiral (grupo m. PP) dí: Sr. Cardalda vostede está pedindo algo que xa necesariamente hai que facer, neste preciso momento en que se aprobou en Pleno o voto por vía web nós xa empezamos a traballar neste tema, e empezamos a traballar neste tema pedindo presupostos, non sabemos aínda canto nos cobrará a empresa, é a empresa Avanti, pero tamén lle digo que estamos valorando a posibilidade de incluír estas melloras dentro dalgún punto da EDUSI, así evitariamos un pouquiño a carga do presupostos.

Respondendo ao 3º punto, direille que en 7 anos que levamos gobernando non houbo ninguén que reclamara o dereito como cidadán, amparado por suposto pola Lei de Procedemento Administrativo, a reclamar que se atendese a súa petición na lingua que el quixera, non houbo dende 7 anos que nós levamos aquí.

No punto 4, direille que xa contratamos varias veces ao noso proveedor para que nos dera mais potencia para poder navegar con mais velocidade.

Sobre a mellora da calidade do vídeo, vostede sabe que nun principio foi unha pequena proba que se fixo cunhas pequenas cámaras, pero que vamos a intentar colocar unhas cámaras con maior calidade e este problema estaría resolto.

Voulle a facer unha pequena emenda: que tal como se lle dou a coñecer aos portavoces os fondos do Riveira Atlántica, posibiliten a mellora da páxina web do Concello, facendoa mais accesible, con mais contidos nos dous idiomas oficiais e mais o inglés, e do mesmo xeito mellore a calidade de admisión dos plenos.

O concelleiro Manuel Emilio Pérez Outeiral (grupo m. PP) propón neste momento que a **emenda de substitución** á proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, quede redactada como se transcribe textualmente:

“Que tal como se lle dou a coñecer aos portavoces os fondos do Riveira Atlántica, posibiliten a mellora da páxina web do Concello, facendoa mais accesible, con mais contidos nos dous idiomas oficiais e a parte o inglés, e do mesmo xeito mellore a calidade de admisión dos plenos.”



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

=====

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) en termos de réplica dí: esta última que acaba de decir gústame moito pero de todas formas quixera aclarar algún punto do tema.

En canto ao que decía o compañeiro Luís, no apartado 1 non habría ningún problema en que o galego fora de primeiro, eso non habría para nada ningún problema.

No apartado 2 donde vostede tamén Sr. Luís dí o tema, eu creo que aquí non acabamos de expresarnos ben o noso partido, non acabou de expresar ben o que queríamos pedir, porque no segundo punto nós pedimos que toda a páxina web se atope tamén con enlaces, non que esté toda en Inglés, eso foi un erro por parte nosa, por exemplo, calquer cidadán, calquer persoa que entre na páxina web, o Concello o primeiro que debería de haber, que é o que nós pedimos é precisamente 3 idiomas, os dous cooficiais e o inglés a un lado, automaticamente pinchas no inglés e lévache a turismo, perfecto, pero é que se non está en inglés, ves todo en galego, pois vale, sí, eu non teño ningún problema có galego, ningún, non o falo correctamente pero non me costa tampouco, por eso decía que simplemente o enlace en inglés.

En canto ao punto que me comenta do inglés, poñerse a debatir aquí agora mesmo si o inglés ou outro idioma calquera, pois, creo que é estéril, creo que hoxe en día sabemos perfectamente que o inglés é o idioma mais utilizado a parte do castelán.

O terceiro punto, aquí o partido Socialista, non acabo de entender ben esto, si mo pode explicar, si o Sr. Alcalde permite, “garantir o dereito de todos os cidadáns a recibir a información que soliciten no idioma oficial que elixan”, eso xa está así dito e regulado polo Tribunal Supremo, por eso que non acabo de entender como me está decindo que eso non pode ser porque incumple.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que a proposta que fai o Sr. Pérez Outeiral, inclúe todo o seu menos esto, porque ese é un dereito que ven recollido pola propia Lei de Procedemento Administrativo; sí é verdade que choca có dereito individual dun funcionario, é decir, cando falen con eles o funcionario teña necesariamente que falar na lingua que queira o administrado, pero neste Concello nunca houbo ese problema, é decir, cando se require algo por escrito, nestos 7 anos creo que simplemente foi unha resolución que se mandou a Madrid, que pediu que a quería en castellano e tivémola que mandar en castellano, pero non houbo ningún tipo de reclamación no sentido de nun idioma ou en outro. Si houbera, nós temos obriga pola Lei de Procedemento Administrativo de mandarllo nese idioma, neste caso, todo se manda en galego por un acordo plenario de fai tempo, si o requiren en castelán se lle mandaría.

O que o Sr. Vilas entendo que dí, é que cando vai a un funcionario en concreto e lle dí bos días, pois, o funcionario pódelle decir buenos días, e non a ese funcionario concreto, non lle poden obrigar a que fale galego ou a que fale castellano; cuestión



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

diferente é a que vostede plantexa que creo que está garantida por lei. Agora neste Concello, ademáis o servizo de atención ao cidadán que ten 4 ou 5 funcionarios, si chocara con un que non quere falar o galego ou non quere falar o castelán, non se preocupe que habería outros que lle atenderían, polo tanto, eu entendo que está plenamente garantizado ese dereito que ten todo o mundo. Esa era a diferenza, que era seguramente o que o Sr. Vilas quería explicar.

O Sr. Alcalde somete a votación:

1.- Emenda de substitución do Sr. Pérez Outeiral do grupo m. PP, relativa a melloras na páxina web municipal.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

A) Votación sobre "Substitución da proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs), quedando redactado da seguinte maneira:

Que tal como se lle dou a coñecer aos portavoces os fondos do Riveira Atlántica, posibiliten a mellora da páxina web do Concello, facendoa mais accesible, con mais contidos nos dous idiomas oficiais e a parte o inglés, e do mesmo xeito mellore a calidade de admisión dos plenos.

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Diaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Polo tanto:

PROPOSICIÓN DO GRUPO M. Cs PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL CARDALDA NOVO, EN RELACIÓN A MELLORAS NA PÁXINA WEB MUNICIPAL.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, en sesión celebrada o día 19/04/2018, **por unanimidade dos membros presentes, acorda:**

Que tal como se lle dou a coñecer aos portavoces os fondos do Riveira Atlántica, posibiliten a mellora da páxina web do Concello, facendoa mais accesible, con mais contidos nos dous idiomas oficiais e a parte o inglés, e do mesmo xeito mellore a calidade de admisión dos plenos.

7- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. IPdeR PRESENTADA POR ROSA GARCÍA POSE, INTERESANDO MELLORAS NA ESTRADA QUE VAI DE LAXES A CASTIÑEIRAS.

A concelleira Sra. García Pose do grupo m. IPdeR, presenta moción en nome deste grupo, de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.450) do seguinte tenor:

“A estrada que vai de Laxes a Castiñeiras neste momento presenta un estado lamentable, que debido a estas últimas choivas aumentou o número de baches, algúns case covas, e o firme totalmente cuarteado e roto por determinados sitios. IPdeR e coñecedora que neste momento case é imposible levar este arranxo nos presupostos, pero ó mellor en esa partida para obras menores ou ben ter a aprobación plenaria de amañala con algún dos plans da Diputación. (se adxuntan fotos para ver o estado no que se encontra) e por isto é polo que se lle pide ó Pleno aprobe o seguinte acordo:

Amañar esta estrada tan pronto como sexa posible.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que a razón é a seguinte o presupuestario, que foi có remanente e os cartos chegaron aí e a idea é continuar agora ata o cruce, e mesmo continuar ata non solo o cruce que vai a Enxebre e mais a que vai directamente a Areeiros, pero eso irá nunha fase que a min me gustaría meter no actual remanente.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O problema é o de antes, é decir, aprobamos as cousas e casi quedan no olvido porque entre que se aproban, e que se adxudican, e que se firma o contrato, e que empezan, pasou un ano e pico, pero a idea é meter o tramo que queda que sería o dobre, de anchar ata o cruce que vai para Areeiros e, por outra parte, anchar o que vai ata a aldea de Castiñeiras.

Os topes para que non poñan alí os camións é difícil, pero aí tamén podían sacar un vado permanente e senon estudar poñer algún tipo de jardineras.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) quen dí: o estado do firme, desta vía da Mámoa a Laxes é moi mellorable, nós tamén imos a votar a favor.

Quixera facer un apunte, na anterior actuación na vía pública; a empresa adxudicataria non cumpriu co traballo encargado de pavimentar o ancho total da carretera, xa que pode visualizarse como unha rampa privada se adentra dentro do firme da calzada.

Cando un cede terreno a uso e dominio público deixa de ter utilización privativa do cedido, e as rampas privadas deben iniciarse dentro da propiedade, e non fora como é o caso que alí se pode ver.

Estos privilexios están fora de lugar, aparte de que o rebaixe na calzada pode provocar accidentes importantes.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: nos estamos totalmente dacordo, vamos a votar a favor, consideramos que todas esas melloras son necesarias.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: bueno, Sra. Rosa, aos da oposición vostede non nos deu as fotos novas; está ben que as teñan os do Goberno pero os da oposición tamén podíamos miralas. Nós non as vimos e estaría ben; a Sra. Rosa sempre nos pasa moitas fotos pero, neste caso, pasounos unha sola. Sra. Rosa, vostede está no Goberno e está ben que teña as fotos, pero nós estamos na oposición e tamén as queremos ver. Votaremos a favor.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición da Sra. García Pose, relativa a melloras na estrada que vai de Laxes a Castiñeiras, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Diaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 19/04/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Amañar a estrada que vai de Laxes a Castiñeiras.

8.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. PSdeG-PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ, INTERESANDO MELLORAS NO CAMIÑO VECIÑAL QUE ENLAZA A RÚA DO CORBELO COA RÚA LUIS PIMENTEL EN AGUIÑO.

O concelleiro Sr. Vilas Álvarez do grupo m. PSdeG-PSOE, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 12 de marzo de 2018 (rex entr. 13-04-2018, nº 5.545) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O camiño veciñal –continuación da rúa do Perico 00575- que enlaza a rúa do Corbelo (00346) coa rúa Luis Pimentel (00349), actualmente faise casi intransitable nunha franxa duns 45 metros, debido a cantidade de maleza que crece no camiño, xa que sempre queda olvidada e sin acondicionar.

Este tramo de camiño público permanece cun acabado en terra natural, e en tempos foi bastante transitado, ao ser usado para acceder a zona portuaria de Aguiño.

O referido camiño está grafiado (adxunto plano), no plano correspondente 5.16, escala 1/2000, do vixente PXOUM. Ordenanza 6.2, en pleno casco urbán.

Como ben saben, este tramo está Inventariado na relación de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira, tendo unha superficie total duns 225 m².

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte, **ACORDO:**

1.- Que se adopten as medidas oportunas para amañar dito tramo do camiño público, e permitir o seu tránsito.

2.- Que se realice un Proxecto de Pavimentación deste tramo da rúa do Perico, con acabado en hormigón pulido, ou material acorde co entorno, contemplando a posible dotación de servizos.”



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: Sr. Alcalde, eu a verdade é que poño fotos pero eu agradeceríalle ao compañeiro Vilas que trouxera unha foto porque para encontrar este camiño paseinas canutas, e menos mal que me encontrei cunha das persoas que vive alí cerca. Si xa está limpo, eu ía pedir que se limpara e que se amañara.

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: nós despois de leer esto, a verdade é que tamén decimos que sí que había que facer algo, de todas formas o que estou vendo é que está limpo pero non vexo que estea asfaltado.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que o primeiro mire si ve algunha entrada dalgunha casa por aí, non hai ningunha, entón, si a prioridade de Aguiño é arranxar ese camiño, díganmo vostedes.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: son todo leiras, e tamén meterlle hormigón pulido con servizos ás leiras, pois, a ver, temos que racionalizar un pouco, non vamos a poñer hormigón en tódolos sitios, é dicir, que as inversións tamén hai que racionalizalas, si houbera casas, familias alí vivindo, pero ao mellor aquí con un chan de sábreo, pois, ao mellor vale, e mantelo limpo e preparado, senon, non hai orzamento que chegue, Sr. Alcalde.

O concelleiro Manuel Emilio Pérez Outeiral (grupo m. PP) dí: Sr. Vilas, eu cada vez que me trae vostede unha moción aquí, sempre teño que falar de prioridades, eu penso que esta non é unha; esta non é unha prioridade dende logo para este equipo de Goberno, un sitio onde practicamente non é transitable, como dixo xa o compañeiro Cobas, muro por un lado, muro polo outro, non hai casas por un lado nin polo outro, para min, dende logo, esto non é unha prioridade, non sei si en Aguiño non hai mais prioridades que esta, pero bueno, quedanos comprobar si realmente é unha propiedade municipal e por facer o proxecto tampouco teríamos problema ningún.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: bueno, que se diga que non hai casas cando está rodeado de casas, pois, aí non se podía transitar porque ademais colocaron un poste de teléfonos no medio, eu considero que se debe, bueno, adecentado agora xa quedou un pouco, pero que se debería de tratar de pavimentar, o material depende xa dos Técnicos.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que vostede fala de hormigón pulido ou material acorde co entorno. Eu o que lle digo, é que ter o proxecto non lle costa nada a este Concello, salvo tempo da Sra. Enxeñeira, agora si vostede me di, de meter esto en



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

calquer tipo de tal, eu lle digo, que en Aguiño seguramente hai 100 prioridades antes que esta.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Vilas Álvarez, relativa a melloras no camiño veciñal que enlaza a rúa do Corbelo coa rúa Luís Pimentel en Aguiño, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: tres (3) votos (tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE).

-Votos en contra: oito (8) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP).

-Abstencións: nove (9) (catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Díaz).

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 19/04/2018, por maioría simple dos membros presentes, **acorda:**

Rexeitar a aprobación desta moción, relativa a:

1.- Que se adopten as medidas oportunas para amañar o tramo do camiño veciñal que enlaza a rúa do Corbelo coa rúa Luís Pimentel en Aguiño.

2.- Que se realice un Proxecto de Pavimentación deste tramo da rúa do Perico, con acabado en hormigón pulido, ou material acorde co entorno, contemplando a posible dotación de servizos.

9.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. Cs PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL CARDALDA NOVO, EN RELACIÓN Á LOITA CONTRA A FENDA SALARIAL ENTRE HOMES E MULLERES NAS EMPRESAS CONTRATADAS POLO CONCELLO DE RIVEIRA.

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.442) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

A mobilización sen precedentes a prol da igualdade entre homes e mulleres do pasado 8 de marzo puxo sobre a mesa unha problemática contra a que é necesario loitar con medidas lexislativas concretas, a da fenda salarial.

Segundo os datos do Eurostat, as traballadoras españolas cobran un 14,9% por hora menos que os seus compañeiros varóns, unha discriminación que aumenta até o 22,9%, segundo datos do INE, se tomamos como referencia o salario bruto anual.

Malia que se trata a nivel global dun problema que supera as competencias estritamente municipais, a Administración local tamén debe contribuír a acabar con esta desigualdade tomando medidas para combater a posible fenda salarial existente nas empresas que traballan, neste caso, para Concello de Ribeira.

A entrada en vigor ao día seguinte das xustas reivindicacións do 8-M da nova Lei de Contratos do Sector Público permite as todas as Administracións dispor dun instrumento xurídico co que contribuír a conseguir unha igualdade de xénero real tamén no sector privado. Coa transposición das Directivas Europeas 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao ordenamento xurídico español, a Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público reforza a importancia das consideracións sociais e medioambientais nos contratos públicos.

Os órganos de contratación poderán establecer estas consideracións, ben como criterios de adxudicación cualitativos para avaliar a mellor relación calidade-prezo, ben como até agora como condicións especiais de execución, sempre que estean vinculadas ao propio contrato, como se establece nos artigos 145 e 202 da nova Lei, que recollen como obxectivos *"eliminar as desigualdades entre o home e a muller en dito Mercado, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar"*

Dado que a adxudicación de contratos públicos debe basearse en criterios de obxectividade e fuxir de calquera tipo de arbitrariedade, é necesario cuantificar nas ofertas presentadas a fenda salarial de maneira obxectiva, de maneira que para o ofertante sexa transparente a aplicación dos criterios de ponderación con motivo destas consideracións sociais. Por iso, para determinar obxectivamente a fenda salarial podería empregarse a fórmula establecida por Eurostat para o seu cálculo.

Unicamente adoptando medidas como as propostas as Administracións públicas estarán á altura do que a sociedade reclama, lanzando unha potente mensaxe de igualdade efectiva ao favorecer nos contratos públicos a aquelas empresas comprometidas coa igualdade real e coa responsabilidade social corporativa.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Ningunha traballadora que preste servizo ao Concello de Ribeira debe ser vítima de discriminación salarial, polo que se deben tomar medidas para combater a posible fenda salarial entre homes e mulleres que poida existir nas empresas que traballan con contrato municipal, incluíndo este requisito nas bases de licitación, tal como faculta a nova Lei de Contratos.

Co obxectivo de conseguir unha sociedade máis xusta e sen discriminación entre homes e mulleres, o grupo municipal de Ciudadáns considera positivo valorar a igualdade de xénero nos contratos municipais, polo que propón ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Ribeira, a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno municipal a incluír en todas as contratacións públicas que realice o Concello de Ribeira como criterio de adxudicación das ofertas nos futuros pregos de contratación (art. 145.2 LCSP) e como condición especial de execución do contrato (art. 202.2 LCSP) a inexistencia de fenda salarial nos adxudicatarios, conforme á fórmula de cálculo fixada por Eurostat, así como o fomento da contratación feminina e as medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: realmente esto para min é así media sorpresa porque eu pensei que os sindicatos cando firmaban os convenios, que unha das cousas que esixían era que a igual traballo, igual salario; polo que parece ser que este caso non se da agora; pero ben, eu creo Sr. Alcalde, que todo o que se poda facer dende a Administración para que se respete a igual traballo, igual salario, debemos de facelo e obligar a cumprilo. Pero, tamén hai unha pregunta que eu me fago, na maioría das empresas que teñen concesións ou contratos có Concello, pois, agora mesmo non sei, excepto ao mellor a de recollida de lixo, que creo que cobran exactamente igual as mulleres que os homes, si están facendo o mesmo traballo, quero dicir as barrederas, ou por exemplo os que conducen os camións, os que lavan contenedores; no resto das empresas sempre hai man de obra masculina, si son obras ou cousas dese tipo non vexo mulleres. Creo que había que incluír dous puntos: un que se contraten mulleres nas empresas de obras e demais, e dende logo, que si hai diferenza salarial facerlle cumprir porque a lei xa o dí, a igual traballo, igual salario.

A concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE) dí: dende o grupo Socialista consideramos que é unha boa proposta a que achega aquí o noso compañeiro Cardalda, como amosábase o pasado mes de febreiro apoiando con



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

motivo da folga internacional do 8 de marzo sobre esta cuestión, amosámonos a favor porque este partido está firmemente comprometido coas políticas de igualdade, especialmente no ámbito laboral, pois, no que as mulleres polo mero feito de selo viven moitas desigualdades entre as que se atopa a asignación salarial e que ao fin e ao cabo, en definitiva, implica unha clara vulneración do dereito fundamental recollido na nosa Constitución no artigo 14.

Creemos que pode ser unha medida pioneira a poñer en marcha no noso Concello, pese a que consideramos que é dende o propio Congreso dos Diputados donde se debe ir mais alá coa elaboración dun plan integral contra este tipo de discriminacións, pero como eso non é competencia nosa, pois, tampouco nos vamos a adentrar neste tema.

Entendemos dende o grupo Socialista que esta medida precisa dunha incitación de todos os grupos, empezando pola propia Administración Pública, e esperamos que dentro desos criterios cualificativos e condicións especiais que se fala na moción, que se inclúa a aplicación de Plans de igualdade de xénero, que se fomente a contratación feminina e a conciliación da vida laboral, persoal, e familiar entre outras.

Entendendo que é algo positivo, que vai a redundar na mellora das condicións laborais das mulleres que vaian a traballar no noso Concello, pois, ímola a apoiar.

A concelleira Elvira Blanco Pérez (grupo m. BNG) dí: dende o BNG consideramos tamén moi positivo a proposta que nos trae o compañeiro de Ciudadanos; e consideramos tamén que é unha boa oportunidade para demostrar que o apoio que se mostra 25 de novembro e 8 de marzo, nesta Corporación, non queda só nunha pancarta colgada no balcón da Casa Consistorial e nunha foto que sacamos na concentración, senon que é unha oportunidade para facer algo de verdade, que pode axudar ás mulleres que queren traballar no Concello de Riveira.

Temos que recordar que o paro feminino no Concello de Riveira alcanza un 68%, entón, vemos nesta moción de Ciudadanos unha oportunidade para que o Concello de Riveira comence a incluír cláusulas sociais nas licitacións do que oferta de emprego nas obras, dentro dos contratos que se fan.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que solo unha cousa porque a deixou imprecisa, o paro no Concello de Riveira está no 11%, do cal tamén lóxicamente nun Concello no que está escalado de paro, apuntado neste caso no INEM, a muller debido lóxicamente a que é a man de obra maioritaria nas conserveras, tamén neste caso coincide, pero o paro en Riveira é do 11%, e efectivamente, os datos é que hai moitas mais mulleres no paro que homes, polo tanto, correcto o dato, pero sobre o total de parados.

A concelleira M^a Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) dí: Sr. Cardalda, congratulámonos de que vostede se preocupe polo problema da fenda salarial neste Concello.

Decía a Sra. García Pose que estaba sorprendida polo traballo e a labor que desempeñan os sindicatos en toda esta problemática; certamente, Sra. García Pose, dende o ano 1980 en España é ilegal que haba distintos salarios polo mesmo traballo.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Partindo deso, non debería haber ningunha discriminación salarial; agora, negar esa brecha salarial sería negar algo que está aí, na evidencia, non é un problema que teñamos en España, non é un problema que teñamos en Galicia, non é un problema que teñamos no noso municipio, senon que é un problema que afecta a nivel mundial.

As mulleres en cómputo anual, pois, están percibindo menos salario que os homes; non porque teñan unhas retribucións distintas, que non é así, pero sí ao longo da súa vida laboral por distintas causas, por distintos motivos, por exercer esa conciliación de vida laboral e familiar, normalmente sobrecae nas costas das mulleres, o que implica que eso penalízase profesionalmente, penalízase, logo despois, cando chega o momento da xubilación.

Pero eu non quixera pasar por alto esta intervención sin recordar que o 1 de xaneiro do 2016, cun Goberno do PP no Estado, todo hai que decilo e recordar aquí, pois, tamén quen se preocupa realmente de poñer solución ou polo menos intentar poñer solución a algún dos problemas, foi un Goberno do PP, o que aprobou e puxo en marcha ese incremento das pensións das mulleres que habían tido penalizacións ao longo da súa vida laboral polo feito de ter sido nais, incrementándose as pensións daquelas que habían tido dous fillos nun 5%, un 10% as que habían tido tres fillos, e un 15% as que habían tido catro ou mais fillos.

Son medidas que contribúen precisamente, pois, a romper un pouco esa brecha salarial no que é o ámbito das pensións.

Si pasamos ao ámbito laboral, dende o Concello de Riveira, o decían aquí, igual traballo, igual retribucións, non hai discriminación, o que se aposta é por pór en marcha medidas que concilien, medidas que faciliten esa conciliación, medidas que faciliten esa igualdade, e esa é a liña na que hai que traballar.

Eu me pregunto, Sr. Cardalda, si a vostede tamén lle mandaron esta proposición dende o seu partido, se parou a reflexionar do que vostede está pedindo que incluíamos aquí nos pregos de contratacións, eu me pregunto si vostede quere deixar fora dese concurso de obras públicas a moitas pequenas e medianas empresas que poden neste momento concorrir de Riveira, polo simple feito de non ter os datos calculados por esa fórmula, cálculo de brecha salarial, por certo é un pouco engorrosa e descoñecida tamén pola maior parte das pequenas empresas que suelen traballar neste municipio.

Eu quero pensar que a intención que ten vostede non é deixar fora da contratación a ningunha empresa. Penso que sería moito mais factible, pois, ao mellor entrar a valorar dentro deses convenios de aplicación da provincia, premiar a aqueles que cumpran ou que non teñan denuncias, que podan presentar algo que lles acredite que non teñen denuncias por incumprir os convenios e favorecer de certa maneira esos convenios que apostan por esas políticas de igualdade de xénero e que faciliten a conciliación.

España todavía ten moito que camiñar, e decía a Sra. Basoco que estaba dacordo pero que sabía que excedía as competencias municipais; é preciso que se rexistre dende o Goberno Estatal, dende as Cortes que lexislen sobre esta materia para intentar que naqueles casos que se demostre que as empresas realmente, pois, están



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

penalizando ás mulleres polo simple feito de ter a condición de ser muller e que teñan que compatibilizar, pois, que se establezcan sancións para eso. Sabemos que hai Sentenzas que están aí, hai Sentenzas que condenaron, pois, neste caso, e votaron abaixo tanto convenios, como votaron abaixo tratos discriminatorios, donde camareras e camareros se lles retribuía nos seus complementos de distinta maneira, e donde traballadoras que teñen practicamente igual cualificación e igual traballo, estaban percibindo retribucións distintas; eso se penalizou xa polos Tribunais de Xustiza, pero falta que por parte da lexislación se establezan unhas medidas sancionadoras para aquelas empresas que incumplan esas políticas de igualdade.

A lexislación é para políticas de igualdade pero, dende logo, que todavía é algo no que temos moito que camiñar, e é un gran reto que temos na sociedade porque o penalizar ás mulleres estanos vindo en contra de toda a sociedade por esa baixa tamén da natalidade, polo tanto, non pode ser en ningún momento un coste para unha muller ter un fillo, porque ese fillo vai a revertir sempre en ben, no día de mañá, na sociedade si queremos ter futuro como país, dende logo, que temos que poñer en valor a muller como valor que ten, e con ese valor que ten o mercado laboral.

A concelleira M^a Herminia Pouso Maneiro (portavoz do grupo m. PP) explica que o seu grupo ten presentada unha **emenda de substitución** de data 24 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, n^o 6.130), relativa á proposición do grupo m. Cidadáns en relación á loita contra a fenda salarial entre homes e mulleres nas empresas contratadas polo Concello de Riveira, redactada da seguinte maneira:

“Que no caso de que o Concello teña coñecemento da existencia dunha fenda salarial entre homes e mulleres por parte dunha empresa se dea conta á Inspección de Traballo para a súa investigación.”

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) en termos de réplica dí: mire Sra. Pouso, a min estanme chirriando os oídos, si estanme chirriando os oídos porque o noso partido tamén estudia as cousas antes de levalas a pleno; e que agora teñamos unha ferramenta para deixarnos de palabrería e facer as cousas tendo esta ferramenta, non me vai a decir vostede a min que agora lle vamos a quitar o traballo a ningunha empresa de Riveira. Eu non digo eso, eu digo, que agora tendo unha ferramenta legal que podemos usar, está decindo vostede que España ten



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reg./Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

que mellorar, claro que sí, e Galiza tamén, e Riveira?, a no, Riveira non ten que mellorar, pois, non estou dacordo e a emenda non a vou a admitir, polo menos o noso partido.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que Sr. Cardalda, vostede vote en contra da emenda, pero a emenda si non a retira a Sra. Pouso como é o caso, tense que votar.

Eu creo que unha cousa é a Lei e outra ver como podemos cumprir as esixencias que poñamos. Nestos momentos para o Concello poñer esa cláusula e levala a cabo, é decir, poder cumprir a revisión desa cláusula, a día de hoxe é imposible.

Eu lle propoño, por exemplo, que tódalas empresas que se presenten teñan que facer unha declaración xurada, conforme non teñen esa brecha salarial ou fenda salarial que vostede dí. Entón, no caso, de que eso non sexa así, para empèzar xa están metendo unha falsedade nun documento; o digo porque o outro vai a ser imposible o control para nós, e quizá engadíndolle o que vostede pide, decindo que en tódalas adxudicacións que faga o Concello deberá haber un documento acreditativo de cumprimento da lexislación e non fenda laboral que discrimine, pois, eu creo que polo que estaba comentando cós Servizos Técnicos quizás sexa mais pragmático, porque sí que se pode, cando menos, hai unha irregularidade da empresa si presenta algo que non é falso e, por outra parte, a nós nos da garantía de que están cumprindo coa lexislación.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) propón neste momento que a **emenda de substitución** á proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, quede redactada como se transcribe textualmente:

“Instar ao Goberno municipal a incluír en todas as contratacións públicas que realice o Concello de Riveira a esixencia dunha declaración xurada de inexistencia de fenda salarial dos que se presenten.”

=====

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: que **acepta a emenda.**



O Sr. Alcalde somete a votación:

Emenda de substitución redactada da seguinte maneira:

Instar ao Goberno municipal a incluír en todas as contratacións públicas que realice o Concello de Riveira a esixencia dunha declaración xurada de inexistencia de fenda salarial dos que se presenten.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa á loita contra a fenda salarial entre homes e mulleres nas empresas contratadas polo Concello de Riveira, *coa emenda de substitución do Sr. Alcalde do grupo m. PP, que acepta o proponente da proposición, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:*

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Díaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, en sesión celebrada o día 19/04/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Instar ao Goberno municipal a incluír en todas as contratacións públicas que realice o Concello de Riveira a esixencia dunha declaración xurada de inexistencia de fenda salarial dos que se presenten.

10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. Cs PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL CARDALDA NOVO, INTERESANDO MELLORAS NO PORTO DE RIVEIRA.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, da lectura á moción presentada por el en nome deste grupo, de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.446) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ribeira cuenta con el puerto de bajura más importante de Europa, pero las instalaciones del puerto no se encuentran a la altura de esta circunstancia.

En la actualidad, este emplazamiento muestra una imagen deplorable con instalaciones que no son prácticas para los usuarios ni cuenta con los servicios necesarios para desarrollar con comodidad su actividad profesional.

Entre los defectos de los que adolece, destacan que no cuentan con un pantalán que permita descargar las capturas con facilidad junto a la lonja nueva, por lo que en muchos casos tienen que trasladar las capturas mucha distancia, complicando dicha labor.

Toda vez que también es necesaria la instalación de tomas de luz y agua, así como es necesario habilitar una zona como vestuario, ya que en la actualidad muchos de los marineros lo vienen haciendo a la intemperie.

Asimismo, la fachada marítima muestra una imagen de dejadez, sobre todo la parte de las chabolas, que hace mucho tiempo que no se adecuenta.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Cs Ribeira

SOLICITA

- Que se inste a Portos de Galicia para que proceda a la instalación de un pantalán, a la mayor brevedad posible, que permita descargar con comodidad a los barcos pequeños junto a la nueva lonja.
- Que se inste a Portos de Galicia a instalar tomas de luz y agua que permitan el acceso de los usuarios a estos servicios.
- Que se inste a Portos de Galicia para que habilite una zona de vestuarios para los usuarios del puerto.
- Que se inste a Portos de Galicia a que adecunte las chabolas.”

Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

19/04/2018.

Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: a verdade é que todo o que se insta a Portos de Galicia para Riveira está ben, porque á hora de recaudar eu sigo decindo o mesmo, son os primeiros recaudando. O Concello nos poñemos dacordo e conxelamos as taxas, conxelamos os impostos, baixamos algúns impostos; pero Portos non ten dolor de corazón: mercadillo se cobra, carpa se cobra, festas se cobra.

Realmente aí hai un pantalán, non sei si queredes outro mais ou ampliar ese. Si non chega a Cofradía podíase poñer tamén seria e pedirlle a Portos, que tamén faga algo, pero bueno, estou dacordo en que llo amplíen. Unha cousa que estou totalmente dacordo con esta moción é cas chabolas, é realmente vergonzo ir andandó por alí, Sr. Alcalde, e co esforzo que se fixo e que estén nesa situación, da igual as que dan a García Bayón, as que están por dentro, as outras, é unha vergonza; os contenedores a veces, Sr. Alcalde, aproveito xa, ós que están xusto no acceso á lonxa nova, non sei o tempo que levan sin limpar e sin vacíalos; e por outro lado, naquel espacio amplo que siguen estando os rederos, de vez en cando tamén lle podían votar unha manguera porque cando fai calor esa entrada en Riveira. Apoiamos a moción.

Eu creo que a Portos hai que recordarlle que un dos Portos que mais cartos lle da é Riveira, están todos calados, algún día espero, Sr. Alcalde, e si esta Corporación en xeral repite, que podamos cobrar nós as terrazas do Malecón e non pagarllas a Portos porque a limpeza facémola nós e a luz pagámola nós. Todo o que se pide, Sr. Cardalda, a Portos e pouco, nada mais e apoiamos.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: estas melloras xa foran solicitadas polo noso grupo municipal no ano 2015, e siguen sin levarse a cabo.

Imos a votar a favor da proposición, aínda que no derradeiro punto entendo que Portos non ten competencias sobre bens privativos.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que non son privativos son concesionados pero, efectivamente, a responsabilidade é do concesionario.

A concelleira M^a do Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) dí: o problema da Lonxa de Riveira, da makro lonxa de Riveira, é que non tuvo un acerto na súa situación, entón, si servirían unhos pantaláns para colocar alí, pero teñen un problema que é que si se colocan onde deberían de colocarse para poder descargar os barcos, o mal tempo vainos a desfacer, entón, non da xogo a que se podan colocar correctamente. De tódalas maneiras, hai que buscarlle unha solución porque os barcos son os pequenos os que pagan as consecuencias.

Con respecto ás fachadas, o noso compañeiro Cobas, presentou tamén unha solicitude para que se adecentara.

O concelleiro Anxo Orellán Fernández (grupo m. PP) dí: esta moción da un pouco sabor agri dulce porque a verdade o tirón de orellas a Portos de Galicia, pois, que sexa conxunto creo que é importante e, por unha parte, dulce porque estas mocions ou peticións que aquí veñen reflexadas, creo que é un pouquiño darlle



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

importancia á Lonxa nova que tan criticada foi aquí, tan pouco apoiada e agora está quedando claro que, pouco a pouco, vai medrando e o sector está cada vez mais convencido de que foi un acerto e que Riveira, pois, gracias á aposta que está facendo por ela, vai a ser un punto importante a nivel xa non solo galego, español, e europeo.

Portos de Galicia está facendo algunhas cousas, aínda que as peticións na moción do Sr. Cardalda son totalmente acertadas, e este días todos os que diariamente alí nos atopamos por unhas cuestións ou outras, está mellorando a sinalización cara á reordenación do tráfico que fixo ao redor da lonxa nova porque a verdade era un pouquiño un caos, porque a sinalización que alí se atopaba non estaba reflexada coa pintura da carretera, e este días estase arranxando, estase arranxando tamén as luces e a toma de auga e moitas simplemente estaban inutilizadas, e incluso as do mercadillo dos sábados, pois, agora, quedan accesibles para os mariñeiros que era unha das demandas que facían.

Instalaron tamén na lonxa nova duchas para os buceadores para que puideran despois de que chegaran do mar, pois, darse unha ducha.

Con respecto ás cousas que pide o Sr. Cardalda, decir que o pantalán está adxudicado, o que pasa é que están pendientes da Cooperativa porque tiña que meter alí un tubo, e que si non se retiraba, onde se quere poñer o pantalán, pois, non se podía poñer.

Con respecto ás chabolas, vanse a sair da Deputación unhas chabolas que van a ser concedidas á Cofradía, e si estima oportuno, pois, pode habilitar un espazo para que se cambien os propios mariñeiros que así o consideren, e como se dixo aquí antes, o tema das chabolas, hai que definir un pouco se realmente son o propio Portos de Galicia son os propios usuarios os que teñen que adecentalas, porque creo que se debería facer por parte deles un estudio de a quen lle ten a chabola alquilada e quen realmente é o usuario da chabola, porque creo que aí hai un mundo de contratos de quen ten a chabola alquilada moitas veces non se corresponde para nada có que está alí.

Dende o noso grupo de Goberno eu sei que o Sr. Alcalde, día sí e día no, está pelexando con Portos para que as peticións se trasladen non solo aos sectores de aquí, senon dos propios usuarios do Porto, pois, que se fagan; espero que con esta moción como así manifestastes os grupos, vamos a apoiar entre todos, que de forma conxunta nos teñan mais en estima e que consideren mais en serio para que así se leve a cabo.

Tamén me gustaría aproveitar para facer unha especie de emenda, si todos estades dacordo en asinar, pois, despois de falar có propio Patrón Mayor da Cofradía e de que me expresara as peticións mais urxentes para levar a cabo, a parte das que menciona o Sr. Cardalda, que se engadiran: habilitar un lugar cuberto para os redeiros; reparar as escaleiras que usan os mariñeiros para acceder aos barcos ou ao muelle dos seus propios barcos; limpar os pantaláns que están cheos de verdín e prodúcense moitísimos rebalóns e caídas; redactar un Plan de usos para a lonxa antiga porque hai un espacio aí que está sin usar; reparación e pavimentar o firme dos viales que están en mal estado porque hai varios que están en mal estado, incluso fai unhas



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Rel/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

meses eu leera que algún grupo se alardeaba nos medios sociais de que fixera unhas grandes xestións, para que se asfaltara carreteras como a que vai por diante do García Bayón e as xestións non deberon de ser tan grandes porque siguen estando igual que estaban; mellorar a vixiancia e tamén, aínda que é unha moción sobre o Porto de Riveira que se traslade a calquer Porto do Concello porque teñen varias deficiencias, neste sentido, varios usuarios de Corrubedo dixerón que non nos olvidáramos deles có tema das chabolas e, tamén, si podía solicitar unha máquina para facer etiquetas no Porto de Corrubedo e non ter que desprazarse a Riveira para facelas.

O concelleiro Anxo Orellán Fernández (grupo m. PP) propón neste momento que a engádegas á proposición do concelleiro Sr. Cardalda Novo do grupo m. Cs, quede redactada como se transcribe textualmente:

“Habilitar un lugar cuberto para os redeiros. Reparar as escaleiras que usan os mariñeiros para acceder aos barcos ou ao muelle. Limpar os pantaláns que están cheos de verdín. Redactar un Plan de usos para a lonxa antiga. Reparación e pavimentar o firme dos viales que están en mal estado. Mellorar a vixiancia. Que se traslade a calquer Porto do Concello Riveira porque en Corrubedo teñen varias deficiencias, como son as chabolas, e tamén, solicitar unha máquina para facer etiquetas no Porto de Corrubedo.”

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) en termos de réplica dí: bueno, parece ser que as deficiencias si están aí, vamos a poñer da nosa parte toda a Corporación, pero si me permitides como autónomo e empresario que son, gustárame remarcar un detalle; eu teño un negocio fai 30 anos aquí, bueno, dous, e cada dous por tres temos que estar facendo mantemento continuamente, é raro o ano que non facemos algún tipo de inversión; cando digo inversión me refiero a todo, pintura, cristales, aluminios; todo o mantemento en general.

As chabolas, eu creo que esas chabolas deben de levar tranquilamente unhas 25 anos sin pintar e creo que me quedo corto, entón, eso baixo o meu punto de vista, baixo o punto de vista do meu partido, eso é desidia por parte dalguén, evidentemente, eu non digo que sexa cousa nin do Concello nin de, entón, hai que buscar a forma de buscar a solución de que esto non esté sucedendo continuamente porque as chabolas están á beira da carretera, polo outro lado se pintaron cando foi da festa e están realmente bonitas, é chegar a Riveira e ver eso, e dicir, esto é unha



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

maravilla; dentro do que temos a mesma chabola, noutro lado que está pegadiña é un verdadeiro desastre, pero cando decimos desastre non é un desastre é que é patético.

Hai unhas imáxenes brutales, todo tirado, fendas abertas, a humidade que come todo. Despois, hai unha cousa que tamén nos chama moito a atención, esto Portos llo alquila a alguén, e ese alguén o volve a alquilar, eu son propietario de varios locais e si os alquilo, o inquilino o soluciona ou o soluciono eu pero alguén ten que facelo.

=====

O concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cs) dí: que acepta a emenda.

=====

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que nós tomámolo no aspecto positivo de que tódalas xestións que se veñen facendo, moitas delas xa reiterativas, pois, que se leven adiante. Nese sentido, por eso, queríamos aproveitar para pedir outra serie de cousas absolutamente necesarias, e que non se olviden e que non solo sexa o Alcalde, que falo practicamente tódolos días con Portos. Un Concello como o noso, si alguén ten que falar con Portos é un día tras outro, por exemplo, os pantaláns tiña o problema que téñense que poñer nunha concesión, onde está a fábrica de xeo da Cooperativa e mentras non se arranxou ese problema non se poden poñer, eso está adxudicado e poñerano nos próximos días.

En canto á limpeza; igual simplemente o de adecentar as chabolas, e cambiar o feito de que nós instemos a Portos de Galicia para que se dirixa aos Concesionarios das mesmas que teña o decoro debido e que as pinten.

O resto, xa aproveitar para meter esas outras cousas, nas que se está traballando, como é a mellora de tódalas cuestións que lle decía o Sr. Orellán, incluído tamén unha na que incluso o Concello comprometeuse a facer o propio proxecto, como eran as chabolas en Corrubedo para ter as embarcacións, entón, si podemos aproveitar igual que nos aproveitamos en positivo a sua inquietude, pois, si se pode meter o resto de cuestións que xa teñen vido ao pleno e que estamos xestionando, pois, nos axuda altamente tamén. Entón incluíndo esas outras necesidades pasamos a votar.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición do Sr. Cardalda Novo, relativa a melloras no Porto de Riveira, *coa engádegas do concelleiro Anxo Orellán Fernández do grupo m. PP, que acepta o propoñente da proposición, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:*



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

-Votos a favor: vinte (20) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG; tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e M^a José Brión Díaz).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos membros presentes.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo, en sesión celebrada o día 19/04/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Que se inste a Portos de Galicia para que proceda á instalación dun pantalán, á maior brevedade posible, que permita descargar con comodidade aos barcos pequenos xunto á nova lonxa.
- Que se inste a Portos de Galicia a instalar tomas de luz e auga que permitan o acceso dos usuarios a estos servizos.
- Que se inste a Portos de Galicia para que habilite unha zona de vestuarios para os usuarios do porto.
- Que se inste a Portos de Galicia a que adecente as chabolas.
- Habilitar un lugar cuberto para os redeiros.
- Reparar as escaleiras que usan os mariñeiros para acceder aos barcos ou ao muelle.
- Limpar os pantaláns que están cheos de verdín.
- Redactar un Plan de usos para a lonxa antiga.
- Reparación e pavimentar o firme dos viales que están en mal estado.
- Mellorar a vixiancia.
- Que se traslade a calquer Porto do Concello Riveira porque en Corrubedo teñen varias deficiencias, como son as chabolas, e tamén, solicitar unha máquina para facer etiquetas no Porto de Corrubedo.

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL SEGUNDO O R.D. 635/2014, RELATIVO AO 1º TRIMESTRE DE 2018.

O Sr. Alcalde (grupo P.P.) explica que teñen vostedes tamén, como sempre, o cumprimento do que é o promedio medio de pago do 13,73 do que sería o informe de morosidade relativo ao 1º trimestre.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o informe conxunto do Interventor Pablo Bao Castro e do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 11 de abril de 2018, asunto: "Informe", expte: "Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais", que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía "Asunto: Información sobre o Periodo Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2018", de data 11 de abril de 2018, que consta no expediente na sesión.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, do informe conxunto do Interventor Pablo Bao Castro e do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 11 de abril de 2018, asunto: "Informe", expte: "Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais"; e da Proposta da Alcaldía "Asunto: Información sobre o Periodo Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2018", de data 11 de abril de 2018, non producíndose manifestacións nin opinións en contra, da proposta da Alcaldía de data 11 de abril de 2018, que se transcribe:

"ASUNTO: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2018.

A Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no sector público (BOE nº 305, de 21 de decembro) refírese á "publicación do período medio de pago" das Administracións Públicas nos seguintes termos:

"Disposición adicional primera. Publicación del período medio de pago.

Transcurrido un mes desde la entrada en vigor de esta ley todas las Administraciones Públicas y sus entidades y organismos vinculados o dependientes publicarán en su portal web su periodo medio de pago a proveedores e incluirán en su plan de tesorería inmediatamente posterior a dicha publicación las medidas de reducción de su periodo medio de pago a proveedores para cumplir con el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad".



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Para a aplicación da previsión legal citada foi aprobado o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Para maior detalle práctico foi publicado na Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais a “Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das Entidades Locais, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo”, que contén os modelos e criterios para elaborar, publicar e remitir a información sobre o período medio de pago a provedores.

É necesario indicar que o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é diferente na súa metodoloxía de cálculo, no seu procedemento e prazos de publicación e nas súas consecuencias prácticas, aos prazos de pago das facturas por operacións comerciais a que se refire a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para a elaboración dos informes trimestrais a que se refire a Lei citada foi publicado na oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais a correspondente Guía.

Finalmente, tamén é necesario calcular e publicar o período medio de pago a provedores a que se refire a Disposición Transitoria Décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e para ese cálculo deben tomarse en consideración os criterios contidos na “Nota relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local” publicada na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Unha vez cumprimentada a aplicación posta a disposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas obtense a información sobre o período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, que se indica a continuación, para o Concello de Riveira:

ORGANISMO	RATIO OPERACIONS PAGADAS	RATIO OPERACIONS PENDENTES PAGO	PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL
CONCELLO DE RIVEIRA	13,43	15,00	13,73



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Acompáñase como Anexo a información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2018 sobre prazos de pago a que se refire a normativa sobre “morosidade” nas operacións comerciais.

Co fin de dar a máxima difusión posible á información de relevancia económica ou financeira do Concello e no cumprimento das normas de aplicación citadas considérase oportuno dar conta ao Pleno da Corporación do seguinte:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do Período Medio de Pago a Proveedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, no Concello de Riveira para o primeiro trimestre de 2018.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publicar a mesma na páxina web do Concello de Riveira.

Riveira, á data da sinatura dixital. O Alcalde, Asdo: Manuel Ruiz Rivas”.

12.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA ATA O DÍA 19 DE ABRIL DE 2018 (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que os decretos firmados pola Alcaldía están a disposición ata a data 19 abril 2018 en secretaria xeral do Concello.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

13.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non se presentan.



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

- Rogos.

1º.- Rogo do concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG), de data abril de 2018 (rex entr. 20-04-2018, nº 5.889) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O concello de Ribeira está dotado de diversos paseos á beira do mar e tamén dalgúns dos seus ríos. Moitos deles, maioritariamente, teñen como base fundamental pasarelas de madeira que polo uso, o paso do tempo e as inclemencias climáticas precisan mantemento. Reparando os desperfectos e roturas que teñen e tamén aplicando os tratamentos máis acaídos para a súa conservación a fin de evitar musgos, liques e parásitos. Labores que hai que facer cando a climatoloxía o permite.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira, SOLICITA

- Que o persoal técnico municipal faga unha revisión do estado dos paseos do termo municipal para avaliar o seu estado, co fin de aplicar as medidas de mantemento e conservación máis acaídas, antes da tempada de verán.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que as medidas de mantemento, véñeno facendo normalmente. É unha das cuestións que teñen na súa programación e farase antes do verán.

2º.- Rogo do concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG), de data abril de 2018 (rex entr. 20-04-2018, nº 5.888) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os galpóns ou chabolas do porto, están nun recinto de actividade pesqueira e son, dalgunha maneira, un sinal de identidade das Carolinas e da nosa cidade. Na actualidade, o seu aspecto externo, mostra un evidente deterioro quizais polo paso do tempo, reclamando unha nova man de pintura o que as faría máis lucidas e integradas na nosa cidade.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira, SOLICITA

- Que se fagan as xestións oportunas, ante as autoridades competentes, para que se proceda ao seu pintado.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que xa está incluído na proposición a Portos.

3º.- Rogo da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 20 de abril de 2018 (rex entr. 20-04-2018, nº 5.908) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO.- Na rúa de Galicia, no tramo que está entre a rúa da Barreira e Cruce de Padín, hai unha valla metálica golpeada e tumbada.

SEGUNDO.- No aparcadoiro de Coroso, ó carón do I.E.S. nº 1, hai unha bionda dañada.

En virtude de todo o exposto, o grupo municipal socialista, fai o seguinte:

ROGO

Que por parte do Concello se adopten as medidas pertinentes para a reparación dos desperfectos causados.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que é reiterativa, se arranza varias veces ao ano, incluso cambiamos alí o aparcamiento pero, bueno, se suele arreglar e tamén o faremos esta vez.

4º.- Rogo da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 20 de abril de 2018 (rex entr. 20-04-2018, nº 5.914) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salgueiro del Valle

PRIMEIRO.- Nunha parcela de zona da Fieiteira realizouse unha tala de árbores e como consecuencia de dita actuación resultou danado un poste de alumado público, o cal partiu pola súa base.

SEGUNDO.- Supoñemos que os traballos realizados están en coñecemento do departamento oportuno, aínda que todavía non se tomaron medidas ó respecto e o poste segue no mesmo estado.

En virtude de todo o exposto, o grupo municipal socialista, fai o seguinte:

ROGO

Que o Sr. Alcalde, ou a persona competente neste caso, faga as xestións oportunas para a reposición, e, de ser o caso, reclamación do poste de formigón quebrado a quen corresponda.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que, efectivamente, era un poste de Fenosa e está nestos momentos reparado, polo menos, así me dixeron a semana pasada que iba a ser.

5º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.451) do seguinte tenor:


“Na estrada de Xenxides a Bretal. No marxen dereito indo para a estrada Artes Corrubedo, uns poucos metros mais adiante do lavadoiro, caeu unha pedra dun muro ocupando case toda a beirarrúa. Isto fai que as persoas que por alí pasan teñan que baixar á carretera e por eso é polo que se lle pide ó Sr. Alcalde o seguinte:

Que se retire a pedra da beirarrúa.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que eu creo que xa está retirada a día de hoxe, senon, instarémolo para que se faga así.

6º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.452) do seguinte tenor:

“Dende Xebre a Castiñeiras ou ó revés hai dúas rúas que van a dar o mesmo punto.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Unha ten dirección prohibida nun sentido e a outra dobre sentido, na foto vese ben. Os usuarios de esas rúas nos din que estaría ben e facilitaría a circulación si cada unha fora dun sentido solo e por eso é polo que se lle roga o seguinte:

Estudiar o poñer un solo sentido de circulación en cada unha das rúas (un de baixada e outro de subida)."

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que hai unha rúa que agora có ancheamento si xa ten a posibilidade, a outro está xa con dirección prohibida. Non hai problema, eu creo que mellora si se fai.

7º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez, (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 16 de abril de 2018 (rex entr. 17-04-2018, nº 5.677) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na zona de Coroso, concretamente na parcela catastral 194, do polígono 7; realizouse unha moi meritoria actuación de desbroce de matorral.

A adecuación do pinal, e a limpeza do terreno, está sendo ben valorada polo veciños, e causa unha grata impresión paisaxística, a vez que millora, indudablemente, o entorno do lugar, e por ende, da Praia de Coroso.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte,

ROGO

1.- Que o Sr. Alcalde, ou persona delegada, faga as xestións oportunas para, si o considera adecuado, solicitar permiso para realizar unha zona de merendeiro no lugar (tipo pinal zona de Cabío, na Pobra do Caramiñal).

2.- Si a xestión coa propiedade e positiva, que se coloquen entre os pinos do lugar seis mesas de madeira con bancadas, e unhas papeleiras a xogo coas mesas."

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que as xestión para realizar unha zona de merendeiro en Coroso, si non me equivoco e estamos falando da mesma finca, xa o fixemos, esa é da familia de Otero Goyanes e non houbo posibilidade de chegar a un acordo.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

8º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), de data 17 de abril de 2018 (rex entr. 17-04-2018, nº 5.693) do seguinte tenor:

“Hai uns nenos que para ir ós colexios de Frións collen o bus cerquiña da rotonda de Carreira-Vilar, mais ou menos á altura dun antigo taller de coches.

Cando chove, este último mes e mais abril, sabemos ben o que eso e chover non teñen onde gardarse da choiva e por eso se lle pide ó Sr. Alcalde o seguinte:

Colocar unha marquesiña nese lugar para que os nenos poidan estar ó abfgo mentres esperan o autobús.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a marquesina para o lugar de Frións, no cruce do Vilar, despois se pode me dí exactamente onde é para poñelo na lista de espera co resto das que temos.

9º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 24 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, nº 6.120) do seguinte tenor:

“En Bretal, enfrente da Igrexa se fixeron unhas obras, tendo que mover os contenedores da súa ubicación, estes contenedores ademáis da función normal valían como papeleiras para as nais e nenos que xogaban no parque infantil que hai alí.

Ahora teñen que cruzar para tirar papeles ou restos das merendas, para os nenos é un perigo e por eso se lle roga o seguinte:

Que se volvan a colocar no mesmo sitio onde estaban os contenedores antes de facer as obras.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que os contenedores que se sacaron fronte á igrexa de Bretal, eu non sei as razóns, preguntareillo á empresa, sacárono cando foi a obra do alcantarillado e non o volveron a poñer no mesmo sitio.

10º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), de data 24 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, nº 6.114) do seguinte tenor:



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Trala actuación realizada na rúa Francisco Lorenzo Mariño, en Aguiño, evidénciase a necesidade de diversas accións na citada rúa.

No tramo comprendido entre a rúa do Carreiro dirección ao Porto, na súa marxe esquerda, resulta un desnivel de certa importancia, mais menos 1,50 metros de altura, entre a acera feita ao nivel do terreno da parcela catastral 8680902MH9088S0001MP; o que implica certo risco de caída, especialmente para as persoas con mobilidade reducida, ou con outras discapacidades motrices.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte,

ROGO

1.- Que o Sr. Alcalde, ou persona delegada-responsable, si o considera oportuno, faga as xestións oportunas para habilitar unha barandilla ao longo da acera, 24 metros lineais, para evitar posibles caídas, e/ou reclamacións posteriores.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que pide unha barandilla na rúa do Carreiro, bueno, eu entendo que a medida de seguridade tena que tomar o veciño, de todas formas, miraremos de ver si se pode poñer ou si é competencia municipal poñeríamola nós, pero entendo que é un problema do veciño de non pechar a súa finca, si a pecha non pode caer ninguén, de todas formas, nós intentaremos mirar que solución lle damos a eso unha vez que falemos có veciño.

11º.- *Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez. (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE),* de data 23 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, nº 6.072) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na emblemática Praza de España de Ribeira, concretamente na zona norte, fórmanse uns charcos de auga, que dificultan as persoas o tránsito pola praza.

Esto acontece tanto coa caída da chuva, como cun baldeco cotián.

O problema radica na falta de limpeza dos sumideiros, dous en concreto, que non cumpren coa súa misión, ao encontrarse obstruídos.



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Esto provoca as molestias dos veciños que pasan polo lugar, e evidencia a falta de mantemento por parte da empresa concesionaria do servizo; quizás por desidia, indiferencia, ou por falta de previsión nas cláusulas do convenio suscrito.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, fai ao Grupo de Goberno o seguinte,

ROGO

1.- Que o Sr. Alcalde, ou persona delegada-responsable, faga as xestións oportunas para habilitar e manter en bó uso estes dous sumideiros, ubicados na Praza de España.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que casi todos se arranxaron queda simplemente os últimos, digamos, os que dan mais á rúa de Galicia, aí o motivo do mesmo foi de que moitas das obras que se fixeron no entorno, nas fixeron coas medidas adecuadas e entrou hormigón nos tubos, polo cal o caudal dos tubos en vez de ser do 100%, en moitos tramos está no 70%, e nos queda solo un pequeno tramo que intentaremos contratar agora inmediatamente para solucionar o problema de forma definitiva.

- Preguntas.

1º.- *Pregunta do concelleiro José Manuel Cardalda Novo (portavoz do grupo m. Cidadáns)*, de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.444) do seguinte tenor:

“En la actualidad en Bretal, lugar a Espiñeira, se encuentra una pista en un estado de conservación lamentable. ¿Cuándo se va a arreglar este vial?

En septiembre de 2017, preguntamos al Sr. Alcalde cuando se iban a colocar los nombre de las calles en la parroquia de Oleiros, y a día de hoy estos indicadores siguen sin colocarse. ¿Cuándo se va a proceder a su colocación?

En relación con lo anterior, también se preguntó cuándo se iban a colocar los números de las viviendas que faltan por colocar en la parroquia de Oleiros, a día de hoy estos siguen sin colocar. ¿Cuándo se van a colocar?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que en Bretal – Espiñeira, eso está aprobado; é unha das obras que xa ten aprobado o Pleno, que



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

espero que se faga á menor brevidade posible.

En canto a Oleiros, colocáronse placas e si hai algunha calle, rúa ou zona que non a teña dime cal é porque seguramente quedou algunha sin colocar; e este ano, si hai algún número que falte, tamén, cós presupostos se fará.

2º.- Pregunta do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.448) do seguinte tenor:

“Na praia dos Mosqueiros, ca choiva volveu a saír todo polo rexistros do alcantarillado. IPR entende que este mes foi de días de moita choiva ademáis de gran cantidade de auga en poucos minutos pero tampouco se entende que unha obra que se facía para acabar cos problemas do saneamiento e de tantos cartos, que aparecen de novo os mesmos problemas outra vez, se acompaña con fotos, e por eso se lle pregunta:

Tiña coñecemento destes vequidos?. Que medidas se van a tomar?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que houbo un verquido na praia dos Mosqueiros; saben que por primeira vez en moito tempo, esa praia estaba dando ben en tódolos controis sanitarios, e o que nos din, que foi unha excepcionalidade polo feito de que faltou electricidade, no momento o bombeo non puido funcionar por falta de electricidade, esa foi a resposta que nos dou Viaqua.

3º.- Pregunta da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), de data 12 de abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.449) do seguinte tenor:

“En Aguiño, nun paseo de madeira, para mais exactitude na Tasca, que bordea o mar se puxeron unhas macetas, e os veciños se preguntan porque non se poñen a un lado do paseo e por eso é polo que se lle pregunta:

Cal foi o motivo de poñelas encima do paseo?. Pódense poñer ó lado do paseo?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que as jardineras eu tampouco sei porqué as puxeron encima do paseo; diráselles que as poñan fora do paseo porque a veces cando se dan as órdenes se interpretan dunha forma diferente do que se pretende.



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reg./Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

4º.- Pregunta da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 24 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, nº 6.123) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Temos constancia de que as obras acometidas no parque Rafael Dieste están practicamente realizadas. Sen embargo, estanse demorando moito debido a que falta por pintar o muro lindante e polo tanto, todavía non pode usarse, especialmente polos rapaces.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista fai a seguinte

PREGUNTA:

A qué se debe esa demora?. Cando se ten pensado rematar as obras e inaugurar o parque?.”

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que en realidade eu creo que ten que ver coa pintura, o que o está facendo non debe estar por aquí ou traballa en fins de semana e foi o que me deron porque é persoa de Riveira. Espero que esté a semana que entra.

5º.- Pregunta do concelleiro Manuel A. García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE), de data 24 de abril de 2018 (rex entr. 24-04-2018, nº 6.070) do seguinte tenor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 11 de abril as oito e trinta da tarde, cando moitas persoas viñan de dar o derradeiro adiós a un veciño desta localidade, e presentárlle as condolencias aos familiares; baixando desde o cemiterio mumpal, a altura do edificio 13 B da rúa Cristóbal Colón, irrumpe un coche a grande velocidade en sentido ascendente, invadindo o que antes era a acera, e estando a punto de provocar un accidente sobre unha das señoras que viñan do enterro.

Esta rúa Cristobal Colón, e actualmente peatonal.

En virtude do exposto, o Grupo Municipal Socialista fai as seguintes,

PREGUNTAS



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

1. Sr. Alcalde, porque os vehículos dos residentes, das rúas Churriana, Cristóbal Colón e Paio Gómez, non levan unha identificación de residentes no seu parabrisas?.
2. Porque non se limita a velocidade a 20 Km/hora nestas rúas, a fin de evitar molestias e posibles danos?."

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que hoxe os grupos tiñamos unha reunión precisamente para ver a fórmula en que identifiquemos aos veciños e, lóxicamente, vai a ser a través. Eso, volvo a repetir, é unha cuestión dos portavoces e estamos fixando as condicións nas que teñen que ir; si é verdade que ningún vehículo pode sobrepasar en ningún momento os 20 km/h, polo tanto, todas esas medidas que son acordadas iranse levando paulatinamente.

6º.- Pregunta do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), de data abril de 2018 (rex entr. 12-04-2018, nº 5.432) do seguinte tenor:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As redes sociais da Federación Galega de Caza, entidade ben subvencionada pola Xunta de Galiza a través de convenios coa Consellería de Medio Ambiente e da Secretaría Xeral para o Deporte, acaban de divulgar o posicionamento de diferentes concellos a prol dunha concentración convocada o domingo 15 de abril para defender o mantemento dunha práctica rexeitada pola inmensa maioría da cidadanía galega.

Este posicionamento unilateral non semella respectar ningún criterio de transparencia e participación cidadá e tampouco ten sido consultado cos grupos que integran a Corporación Municipal nin trasladado aos órganos correspondentes para o seu debate. O goberno local furta o dereito das concelleiras e dos concelleiros a manifestarmos as nosas posturas ao respecto desta acción, sen esquecer que, curiosamente os outros dous Concellos que supostamente apoian esta convocatoria tamén están gobernados polo Partido Popular.

Con esta acción, Ribeira súmase á Consellaría de Medio Ambiente na promoción, difusión, apoio e colaboración con accións como as batidas indiscriminadas de raposos disfrazadas como actividades sociais, deportivas e de promoción do turismo que para nada o son.

Cómpre lembrarilles que o Parlamento de Galiza aprobou a comezos deste ano 2018, de maneira unánime, unha iniciativa promovida polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) nas que se acordou, entre outras cousas, non subvencionar, nin apoiar nin participar na promoción de actividades como a caza do raposo.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Isto é só un exemplo de como está evolucionando a sociedade galega, consciente de que os dereitos dos animais tamén deben ser respectados.

Por todo o anteriormente exposto, en nome do BNG e da asociación Libera, pregunto:

- En que termos se produce o citado posicionamento, supón un compromiso económico?
- É consciente o goberno da enorme oposición que esperta a caza e aberracións como os 'campionatos' de caza de raposo que o mesmo Parlamento de Galiza pediu non subsidiar con fondos públicos?
- Pensa dar algunha explicación como alcalde por esta publicidade negativa para o municipio?."

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que falan vostedes dunha serie de cuestións na que non podo coincidir na exposición, e polo tanto, vou directamente ás preguntas.

O único que fixo o Concello de Riveira foi apoiar unha concentración que era apoiada pola Federación de caza, que o seu lema era en defensa do medio rural e da caza, e polo tanto, non había ningún outro posicionamento de ningún outro tipo.

E, pensa dar algunha explicación o Alcalde por esta publicidade negativa para o municipio?; pois, eu creo que xa a estou dando agora, é dicir, creo que a caza é unha das actividades humanas mais antigas, nas cales o home participa no medio, e dentro do medio, pois, evidentemente, non solo da de vivir a moitos do medio rural senon que tamén creo que fai unha actividade positiva con respecto ao medio, e eso defendo en calquer lado, e esa era a única posición que o Concello manifestou; por certo, as batidas e campeonatos están regulados pola propia Federación, eso é o que lle podo dicir e, polo tanto, que a posición nosa sobre unha manifestación que non tiña outro lema que non fora en defensa da caza e do medio rural.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e duas horas e quince minutos, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 25 de abril de 2018

O Alcalde.

Manuel Ruiz Rivas.

Dou fe. O secretario xeral.



Juan Manuel Salguero del Valle.